



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de maio de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dezaseis horas e corenta minutos do día dez de maio de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(492).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(493).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA TÉCNICO/A DE XESTIÓN, POR UN PERÍODO MÁXIMO DE 6 MESES, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO RDL 5/2015, DE 30 DE OUTUBRO, TREBEP PARA O SERVIZO DE FESTAS. EXPTE. 31641/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 3/05/18, dáse conta do informe-proposta do 9/04/18 asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e o concelleiro-dedegado de Xestión municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 09/03/2018, o Xefe do Servizo de Festas co conforme do Concelleiro-delegado de Festas e Turismo, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas dun/dunha Técnico de xestión, para o Servizo de Festas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 14/03/2018 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local dun/dunha Técnico/a de Xestión por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 06/04/2018, o Técnico de Organización e Planificación emite informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:



Concello de Vigo

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 179-Técnico/a de Xestión), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa do Servizo de Festas, co conforme da Concelleira-delegada de Festas e Turismo así coma na instrución do Concelleiro Delegado de Xestión Municipal de data 14/03/2018, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes



Concello de Vigo

derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido polo Técnico de Organización e Planificación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha Técnico/a de Xestión, supón un gasto de **18.855,42 €**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **5.788,62 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente".

V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de auxiliar de administración xeral, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D^a Noa Pérez Lorenzo, con DNI *****.641-H**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

As mesmas aceptaron expresamente mediante escritos de data 22/03/2018 e 03/04/2018 e 04/04/2018 optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como **técnico/a de xestión**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Festas contidas no escrito do 09/03/2018 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **18.855,42 €**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **D^a. Noa Pérez Lorenzo, con DNI *****.641-H**, na súa condición de seguinte aspirante nas listas que superaron todos os exercicios e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 179-Técnico/a de xestión), sendo adscrito/a ao Servizo de Festas, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, ao Xefe do Servizo de Festas, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

3(494).- CAMPAÑA ORDINARIA DE DESRATIZACIÓN NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO PARA O ANO 2018. EXPTE. 31860/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 8/05/18, asinado polo técnico de Planificación e Organización de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal e Persoa, que di o seguinte:

ANTECEDENTES E VERIFICACIÓN DOCUMENTAL

- Solicitudes do Servizo de Medio Ambiente de autorización de complemento de produtividade ao persoal do Servizo de Control de Pragas (anteriormente denominado Servizo de Desinfección) pola realización da Campaña de desratización e desinsectación na cidade, correspondente ao ano 2018, incorporadas ao expediente electrónico nº 31860/220.

Xustifícase dita solicitude na experiencia do Servizo de Control de Pragas na realización destas campañas, que veñen desenvolvendo desde fai anos e que realizárase durante os meses de maio a xullo, por tratarse da época do ano na que polas condicións climáticas e atmosféricas, prodúcese unha maior proliferación das pragas no referente a reprodución das ratas e a eclosión das cascudas. Esta labor complementábase con actuacións de prevención e revisión periódicas durante os restantes meses do ano, incidindo naquelas áreas da cidade nas que por diferentes razóns a infestación é maior. Co conxunto destas dúas actuacións conséguese, temporalmente, un bo control das pragas da cidade.

Exponse a conveniencia de que ditas tarefas sexan acometidas novamente polo persoal Municipal adscrito ó Servizo de control de pragas, dada a súa experiencia, profesionalidade, interese e rendemento acreditados polo persoal do Servizo, que voluntariamente traballa nestes cometidos extraordinarios, así como os excelentes resultados obtidos nas últimas campañas, xunto co feito de que rematada a campaña, este mesmo persoal encárgase da evolución das pragas dentro do término municipal a través de actuacións de revisión periódicas e outras actuacións illadas como resposta a queixas, solicitudes e avisos dos cidadáns de incidencias respecto de calquera cuestión relacionada coas diferentes pragas.

A realización da campaña por persoal propio supón un importante aforro para as arcas municipais fronte a contratación dunha empresa externa para desenvolver a citada campaña, situación que se xustifica cos orzamentos de empresas privadas, nos que o custe dos tres meses de campaña de desratización supón unhas cinco veces o gasto medio de biocidas do Servizo de Control de Pragas en todo o ano, campaña de desratización incluída.

Así mesmo, resulta constatado que a realización deste servizo pola propia Administración, supón un importante aforro así como unha maior eficacia e eficiencia fronte a unha contratación administrativa externa, tal e como se reflexa nos orzamentos solicitados polo Servizo e que forman parte do expediente, e correspondentes as empresas AGRONERGA, por importe de 152.536,23€ (data orzamento 05/03/2018) e PLAGUIBER, por importe de 157.182,56 € (data orzamento 06/03/2018).

Amais hai que facer fincapé no feito de que a empresa privada unha vez desenvolvidas as catro fases nas que se divide a campaña (tratamento de choque xunto a tres fases de

reposición) daría por rematada a mesma, mentres que, de realizala o persoal adscrito ao servizo de control de pragas como en anos anteriores, a labor continúa o resto dos meses do ano con protocolos e actuacións de prevención e revisión periódicas conseguindo, temporalmente un mellor control das pragas da cidade fundamentalmente no que as ratas e cascudas se refire.

- Relacións do persoal dos servizos para os que se solicita o complemento de produtividade, toda vez que para que a referida actuación poida executarse correctamente, resulta necesaria a realización dunha serie de servizos fora do horario habitual de traballo, o que ven xustificado por razóns de índole técnica, xa que se requiren intervencións continuas en horario nocturno durante o tempo de realización de dita campaña.

NOME	Nº PERSOAL	POSTO DE TRABALO
José Ramón Seijas Álvarez	16350	Capataz
José Manuel Sousa Atrio	22790	Oficial desinfector
Alberto Seijas Fernández	81369	Oficial desinfector
Manuel Alfonso López Rodríguez	80360	Oficial Conductor

- Consta orde de incoación de expediente na Área de RRHH e Formación de data 25 de abril de 2018.

MOTIVACIÓN LEGAL

I.- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

II.- Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 (Actualmente prorrogados).

III.-Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores

IV.- RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios ao servizo da Administración Local.

V.- Instrucións sobre cadro de persoal e Relación de Postos de Traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus Organismos Autónomos anexas á Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010) vixentes na actualidade, nas que se contempla expresamente na Instrución Terceira apartado h) "o complemento de produtividade retribuirase no caso da actividade extraordinaria pola realización de campañas desinfección, desinsectación e desratización do laboratorio municipal, cando por necesidades do servizo fose necesario acometer anualmente algunha



Concello de Vigo

actuación extraordinaria fora da xornada normal de traballo tendente á desinfección, desinsectación ou desratización no termo municipal, concederáse a instancias da xefatura de servizo un complemento de produtividade ao persoal coa fin de que sirva para recompensar o esforzo, dedicación e rendemento esixido para a correcta implantación destas medidas coxunturais, polo importe que expresamente dispoña a Xunta de goberno local. A percepción desta produtividade será incompatible con calquera outra gratificación ou recargo previsto no acordo regulador para os servizos extraordinarios (festividade, nocturnidade, xornada partida, etc.). Requerirase, en todo caso, un informe motivado da Xefatura do servizo acreditativo de que o custo da campaña extraordinaria con cargo á partida de produtividade supón un aforro fronte a unha eventual contratación externa en atención a prezos de mercado, sen prexuízo dos debidos informes referidos ó rendemento individual do traballador. A regulación pormenorizada deste tipo de programas (importe da produtividade máxima para o colectivo, periodicidade do aboamento, duración da campaña, número de traballadores afectados polo programa e criterios de asignación) compéttelle á Xunta de Goberno Local”.

VI.- Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

RÉXIME DE RESPONSABILIDADES E OBSERVACIÓNS SOBRE A XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS

I.- O complemento de produtividade forma parte das retribucións complementarias dos empregados públicos, consonte ao artigo 24 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), publicado no BOE nº 261, do sábado 31 de outubro de 2015.

No citado Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, concréttase no novo réxime retributivo deseñado no mesmo, concibindo como factores integrantes da contía e estrutura das retribucións complementarias –sen prexuízo do que se dispoña pola lexislación de desenvolvemento estatal e autonómica que se dite na materia, actualmente pendente de desenvolvemento- entre outros o grao de interese, iniciativa ou esforzo co que o funcionario desenvolve o seu traballo e o rendemento e resultados obtidos (artigo 24.c).

Sen prexuízo do anterior, debe significarse que o réxime retributivo contemplado no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, non entrará en vigor ata a ulterior aprobación e conseguinte entrada en vigor da normativa que se dite en desenvolvemento lexislativo posterior da mesma (Disposición Final Cuarta) debendo efectuarse unha remisión normativa ao artigo 23 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, e que á súa vez ten sido expresamente derogado pola Disposición Derogatoria Única, apartado b). Á vista do cal -e cos obvios límites temporais que condicionan a mesma- debe acudirse ao preceptuado na Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, que contempla o complemento de produtividade como aquele complemento destinado a retribuír o especial rendemento, actividade e adicación extraordinaria ou interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo, consignando que cada departamento ministerial determinará -entre outros aspectos- os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade de acordo coas seguintes normas:

A valoración da produtividade deberá realizarse en función das circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co desempeño do mesmo, e no seu caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividades durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

II.- O Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime das retribucións dos funcionarios da Administración Local –vixente no que non se opoña á normativa anteriormente exposta- establece no seu artigo 5 -en canto ao complemento retributivo de produtividade- que este está destinado a retribuir o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese e iniciativa con que o funcionario desenvolva o seu traballo.

III.- A apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo, e en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

As contías que perciba cada funcionario por este concepto serán de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Adicionalmente, o propio Real Decreto preceptúa que corresponde ao Pleno de cada Corporación a determinación no orzamento da cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2.b) –30% no caso concreto, resultante da operación de resta á masa retributiva global orzamentaria para cada exercicio económico –excluída a referida ao persoal laboral- da suma das cantidades que correspondan ao persoal funcionario nos conceptos de retribucións básicas, complemento de destino e axuda familiar-.

IV.- A Xunta de Goberno Local, en acordo de data 29/01/2016 , aprobou a “Actualización das instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos no Concello de Vigo (Expte 27576-220) polo que se actualiza as Instrucións nestas materias aprobadas pola Xunta de Goberno na súa sesión de data 20/06/2014 e modificadas por acordo de data 29/08/2014, ao marco de legalidade orzamentaria actualmente vixente, así como ás novidades normativas contempladas na lexislación aprobada durante o ano 2015 en materia do Dereito Administrativo do emprego público.

En consecuencia, calquera proposta de outorgamento de complementos retributivos que se devenguen en concepto de produtividade deberán respectar, inexcusablemente, os límites ao incremento das retribucións establecidos na lexislación vixente, que inclúe as limitacións establecidas pola Lei Orgánica 2/2012, do 17 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira en canto ao teito de gasto nas entidades locais e demais aspectos que afecten á xestión económica e orzamentaria da Entidade Local.

Corresponde a competencia á Xunta de Goberno Local a aprobación da presente proposta segundo o previsto no art. 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro , polo que a vista das circunstancias anteditas, e sendo informado de conformidade pola Intervención Xeral en data 03/05/2018 nos termos do disposto nos artigos 214 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5



Concello de Vigo

de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, fundamentadas nos informes emitidos polas xefaturas dos Servizos obrantes no expediente administrativo, acreditativas e motivadoras da procedencia do incentivo, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

"Primeiro.- Aproba-la realización da campaña ordinaria de desratización no termo municipal de Vigo para o ano 2018, e autorizar a participación da mesmo do seguinte persoal municipal do servizo de desinfección, co apoio de dun oficial condutor do Parque Móbil que se indica, previsto o seu inicio no mes de Maio de 2018:

NOME	Nº PERSOAL	POSTO DE TRABALLO
José Ramón Seijas Álvarez	16350	Capataz
José Manuel Sousa Atrio	22790	Oficial desinfectador
Alberto Seijas Fernández	81369	Oficial desinfectador
Manuel Alfonso López Rodríguez	80360	Oficial condutor

Segundo.-Acordar a aprobación dos criterios de cálculo obxectivo para o outorgamento aos empregados municipais propostos polo Servizo de Medio Ambiente para a súa participación na realización da campaña de desratización e desinsectación 2018 o número de horas e xornadas adicadas a dita campaña, sendo o importe total máximo de 12.000,00 €, cantidade que será aboada ao remate da campaña e distribuído do seguinte xeito:

(Importe total produtividade / nº total días traballados polos traballadores) * nº días traballados por cada un dos traballadores.

A percepción do dito complemento quedará supeditada ó informe da xefatura do servizo de Medio Ambiente, no que se acredite a correcta prestación dos servizos extraordinarios que implica o desenvolvemento da campaña, e no que se informe individualmente a dedicación e rendemento de todos e cada un dos traballadores participantes na campaña 2018 así como a cuantificación individualizada da proposta de produtividade en función do número de horas e xornadas adicadas a mesma, non orixinando o seu abono ningún tipo de dereito individual respecto a valoracións de apreciacións correspondentes a sucesivos períodos. A percepción desta produtividade será incompatible con calquera outra gratificación ou recargo previsto no acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

Terceiro.- Lembrar, en aplicación do RD 861/1986, do 25 de abril, que en ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto ás valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos, sendo as contías que perciba cada funcionario por

este concepto de coñecemento público, tanto dos demais funcionarios da Corporación como dos representantes sindicais.

Dese traslado do presente Acordo aos interesados, Intervención Xeral e Comité de Persoal aos efectos oportunos, debendo expoñerse asemade no Taboleiro de Edictos por un prazo de dez días para público coñecemento.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ó da súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(495).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA PRAZA DA INDEPENDENCIA. EXPTE. 9908/446.

Visto o informe de fiscalización do 7/05/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da praza da Independencia (9.908-446)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da praza da Independencia (9.908-446)

ANTECEDENTES



Concello de Vigo

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 12 de abril do 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da praza da Independencia (9.908-446) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	JARDINCELAS, S.L.	92,5
2	ZONA OBRA O ROSAL, S.L.U.	88,4
3	ELSAMEX, S.A.U.	81,45
4	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	80,29
5	CERNADAS, S.L.	72,42
6	GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS, S.L.	56,93
7	HPC IBÉRICA, S.A.	50,9

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, JARDINCELAS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 992,82 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, JARDINCELAS, S.L., o día 18 de abril de 2018, que presenta a documentación requirida os días 2 e 3 de maio de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 7 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar JARDINCELAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por JARDINCELAS, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 13 de marzo e 11 de abril de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a JARDINCELAS, S.L., o procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da praza da Independencia (9.908-446) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 144.081,35 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 25.005,85 euros.*
- b) Propón unha redución do prazo de execución das obras de 21 días.*
- c) Propón un incremento na garantía dos elementos que configuran o parque infantil de 10 anos (total 12 anos).*
- d) Propón un incremento do prazo mínimo de garantía ofertada da obra executada de 10 anos (total 15 anos).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

5(496).- ACEPTACIÓN DA PROPOSTA DE POSTA A DISPOSICIÓN DUNHA PARCELA DE 550 M², CO COMPROMISO DE REALIZAR OBRAS PARA A MELLORA E ACCESIBILIDADE NO ACCESO AOS IES DE OS ROSAIS 2 E REPÚBLICA ORIENTAL DO URUGUAI. EXPTE. 20091/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 8/05/18, dáse conta do informe-proposta de data 3/05/18, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e o concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Na actualidade nun tramo da rúa Coutadas que serve de acceso aos IES de Os Rosais 2 e República Oriental do Uruguai e as piscinas municipais de Teis existen problemas de accesibilidade e seguridade derivados da inexistencia dunha zona de manobra para os autobuses de transporte escolar e tamén para que os demais vehículos que circulen polo vial poidan cambiar o sentido de circulación.

Segundo.- Con data 22.01.2014 o Concelleiro delegado da Área de Fomento, co fin de solventar este problema e outros do ámbito con data 22 de xaneiro de 2014 resolveu autorizar a redacción do proxecto da humanización da rúa Coutadas en Teis, fase 2, a prol da empresa Plans Estratéxicos Territoriais de Transporte e Ambientais, expte. 2319-440, que foi entregado en febreiro de 2014 e que incluía a afección de parte da parcela do IES República Oriental de Uruguai, de titularidade autonómica co fin de solucionar os problemas de accesibilidade e seguridade derivados da inexistencia dunha zona de manobra.

Terceiro.- O Concello mediante escrito de 2 de maio de 2017 solicitou a Comunidade Autónoma de Galicia a cesión dunha superficie aproximada de 550 m² no ámbito dos recintos do IES Rosais 2 e República Oriental do Uruguai, da súa titularidade para mellorar a accesibilidade e seguridade derivados da inexistencia dunha zona de manobra para os autobuses de transporte escolar.

Cuarto.- Mediante carta do Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de data 1 de xuño de 2017 (con rexistro de entrada no Concello de 5 de xuño de 2017) informouse que o Presidente da Xunta de Galicia deu instrucións á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que esta inicie ante a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda os trámites para a cesión dunha superficie de 550 m² ubicada nos recintos do IES Rosais 2 e República Oriental do Uruguai.

Por outra banda, na devandita carta subliñase que aínda que as parcelas dos recintos do IES Rosais 2 e República Oriental do Uruguai, están inscritas no Inventario da Xunta e no Catastro a nome da Xunta de Galicia, non se chegou a formalizar no rexistro da Propiedade o acordo de cesión das mesmas.

Quinto.- Mediante Resolución da Secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda de data 9 de xuño de 2017 (Rexistro de entrada no Concello de 15 de xuño de 2017) comunícase o seguinte:

a) Non existe inconveniente en transmitir gratuitamente ao Concello a propiedade da franxa duns 550 m² no fondo da rúa Coutadas, que forma parte da parcela catastral do IES de Os Rosais 2 e República Oriental do Uruguai, sempre e cando se repoña o peche da parcela dos centros cando se rematen as obras de urbanización.

b) Dada a complexidade da transmisión, a Administración Autonómica propón desafectar o terreo necesario para realizar á zona de manobra e aparcadoiro de autobuses, con unha superficie aproximada de 550 m², e formalizar unha posta a disposición a favor do Concello, que permita a realización das obras con independencia da posterior finalización do expediente administrativo. A estes efectos, solicita que por parte do Concello se indique a conformidade con esta proposta.

c) Por último e con respecto ao expediente translativo da propiedade, indicase que segundo os datos rexistrados dos que dispoñen, os terreos onde se asentan o IES de Os Rosais 2 e República Oriental do Uruguai continúan a nome do Concello de Vigo no Rexistro da Propiedade nº 2 de Vigo ao libro 645, sección segunda, folio 124, predio 39.985, de 32.400 m² orixinalmente, e 27.400 m² na actualidade, unha vez que se inscribiron no rexistro os 5.000 m² a nome da Comunidade Autónoma para a ampliación do IES República Oriental do Uruguai. E dentro do devandito terreo de 27.400 m² tamén se asenta a piscina municipal de Teis.

Coa finalidade de regularizar a situación rexistral descrita subliña a conveniencia de formalizar unha escritura pública conxunta na que, previas as licencias oportunas, se procedera a segregación destes 27.400 m² co obxecto de conseguir catro inmobles diferenciados ou, de ser o caso, dous: o terreo do IES Os Rosais 2 e República Oriental do Uruguai por un lado, e o terreo solicitado máis o da piscina de Teis por outro, e posterior transmisión na mesma escritura ao Concello destes 550 m².

Sexto.- Atendendo o tempo transcorrido dende a redacción do proxecto, no que foron modificadas lexislacións de diferentes ámbitos de afección ao proxecto redactado, e tendo en conta a consideracións recollidas na autorización na que se indica entre outros: *“que se repoña o peche da parcela dos centros”*, o Concelleiro delegado da Área de Fomento, resolveu iniciar a tramitación dun expediente de gasto para a contratación da redacción da actualización e refundido do proxecto de Humanización da rúa Coutadas en Teis, fase 2 que recolla a reposición do peche da parcelas onde se atopan os centros educativos cando se finalicen os traballos de urbanización, así como a reposición dos servizos públicos que se vexan afectados.

Sétimo.- Como resultado da resolución por parte da mercantil ORDENACIÓN TERRITORIAL INFRAESTRUTURAS E MEDIOAMBIENTE (OTIMA), entregouse proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA COUTADAS. FASE II", redactado polo Enxeñeiro D. SANTIAGO N. LÓPEZ FONTÁN nº Colexiado 16.856, cun orzamento base de licitación máis IVE de 407.911,41 euros.



Concello de Vigo

Octavo.- O mesmo foi informado favorablemente pola Oficina de Supervisión de Proxectos con data 27.04.2018.

FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

I.- As obras obxecto do devandito refundido do Proxecto de Humanización da rúa Coutadas en Teis, fase 2, resultan necesarias para o exercicio de competencias propias previstas no art. 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de Réxime local, apartado d) relativo a “*infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade*” e apartado g) relativo a “*tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade*”

Ademais, debemos subliñar o innegable interese público da actuación proposta que permitirá a mellora da accesibilidade e seguridade nos accesos aos IES República Oriental de Uruguai e a piscina municipal de Teis, cooperando coa Administración Autonómica na mellora do acceso a un centro docente, segundo o previsto no apartado n) do artigo 25.2 da devandita Lei 7/1985.

II.- A vista do exposto, e en particular da Resolución da Secretaria Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda de data 9 de xuño de 2017, de conformidade coa Disposición adicional segunda apartado 11 LCSP e co artigo 127.1.g) LRBRL **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- A aceptación polo Concello de Vigo da posta a disposición, nos termos establecidos na Resolución da Secretaria Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda de data 9 de xuño de 2017 dunha superficie aproximada de 550 m², propiedade da Xunta de Galicia, co compromiso de realizar na mesma as obras para a execución dunha zona de manobra e aparcadoiro de autobuses.

Segundo.- Remitir á Concellería de Patrimonio ao obxecto de iniciar expediente para a regulación da situación rexistral que permita a transmisión formal ao Concello da titularidade da devandita franxa de 550 m².

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo á Secretaria Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda coa finalidade de fixar os termos concretos para a subscripción do correspondente convenio mediante o cal se materialice a transmisión.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(497).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTOS E CUSTOS ASOCIADOS AOS MESMOS PARA A MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VENEZUELA. EXPTE. 5323/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8/05/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais, e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 21 de novembro de 2011, acordou aprobar a prórroga da concesión administrativa para a xestión integral do servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, outorgada a Aqualia FCC-Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de 25 de outubro de 1990, por un período de cinco anos, a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato; acordo, cuxo apartado terceiro, no epígrafe «Outros investimentos», contempla a obriga da concesionaria de levar a cabo, na contía e prazos que no mesmo se sinalan, aquelas actuacións que se consideren de urxencia e execución inaprazable pola Xunta de Goberno Local, previo informe dos servizos técnicos municipais.

II.- Con data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou prestar aprobación á ordenación do procedemento a seguir nas obras arriba referidas, que se incluírían no Plan de Investimentos da Concesión da Xestión Integral do Servizo Público de Abastecemento e Saneamento de Augas de Vigo, así como os gastos repercutibles ao Concello; procedemento e gastos repercutibles que se especifican na parte expositiva do mesmo acordo e dos que se deu conta á concesionaria Aqualia FCC-Vigo UTE, para a súa observancia e estrito cumprimento.

En sesión de 22 de marzo seguinte a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria.

III.- Con data 5 de febreiro de 2018 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de iniciar a actuación de renovación da rede de abastecemento e saneamento na Rúa Venezuela; informe á vista do cal o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 5 de febreiro de 2018, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 08 de febreiro de 2018, na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de “MELLORA DA REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO NA RÚA VENEZUELA.”.

IV.- Segundo consta no informe subscrito polos enxeñeiros municipais de Camiños, Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños con data 22 de febreiro de 2018, analizada a configuración da rede de saneamento e abastecemento da rúa Venezuela, e analizadas as afeccións que dita actuación supón sobre o tráfico, así como as molestias sobre os veciños e dotacións colindantes, por operatividade considerouse necesario abordar a actuación nos seguintes catro treitos, que determináronse a partir da configuración da rede actual e os seus elementos de manobra:

- Rúa Venezuela, entre Taboada e Leal e Joaquín Loriga.
- Rúa Venezuela, entre Joaquín Loriga e Gran Vía.
- Rúa Venezuela, entre Gran Vía e Vázquez Varela.
- Rúa Venezuela, entre Marqués de Alcedo e Taboada e Leal.

V.- Con data 23 de abril de 2018, Aqualia-FCC Vigo UTE” (en adiante a concesionaria) presentou o proxecto, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canais e Portos D^a. M^a



Concello de Vigo

Trinidad López Rodríguez, para a execución dos traballos de obra civil necesarios para a realización Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Gran Vía – Vázquez Varela), cun presuposto de 381.832,25 Euros, IVE excluído e un prazo de execución de CATRO (4) MESES. O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento.

VI.- Coa mesma data, a Concesionaria presentou tamén o detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 16.027,33 euros, IVE excluído, que foron informados favorablemente, en data 27 de abril de 2018, polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños.

VII.- Con data 23 de abril de 2018, Aqualia-FCC Vigo UTE" (en adiante a concesionaria) presentou o proxecto, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canais e Portos D^a. M^a Trinidad López Rodríguez, para a execución dos traballos de obra civil necesarios para a realización Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Joaquín Lóriga e a Rúa Taboada Leal), cun presuposto de 734.685,69 Euros, IVE excluído e un prazo de execución de CATRO (4) MESES. O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento.

VIII.- Coa mesma data, a Concesionaria presentou tamén o detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 30.838,28 euros, IVE excluído, que foron informados favorablemente, en data 27 de abril de 2018, polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños.

IX.- Con data 23 de abril de 2018, Aqualia-FCC Vigo UTE (en adiante a concesionaria) presentou o proxecto, redactado pola Enxeñeira de Camiños Canais e Portos D^a. M^a Trinidad López Rodríguez, para a execución dos traballos de obra civil necesarios para a realización Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Avda. Gran Vía e Rúa Joaquín Lóriga), cun presuposto de 354.285,44 Euros, IVE excluído e un prazo de execución de TRES (3) MESES. O proxecto consta de memoria, planos, prego de prescricións técnicas e orzamento.

X.- Coa mesma data, a Concesionaria presentou tamén o detalle dos custos asociados ao referido proxecto (redacción do proxecto, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe de 14.871,06 euros, IVE excluído, que foron informados favorablemente, en data 27 de abril de 2018, polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños.

XI.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos D. Aurelio Adán Fernández, con data de 26 de abril de 2018, emite informe favorable sobre os proxectos presentados que se citan nos apartados V e IX do presente documento e que se refiren á mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela "Tramo Gran Vía- Vázquez Varela" con orzamento de 381.832,25 € (excluído IVE) e "Tramo Gran Vía- Joaquín Lóriga" con orzamento de 354.285,44 € excluído IVE).

Nestos informes relativos aos proxectos referidos nos apartados V e IX, o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos xustifica que de conformidade co artigo 235 da Lei 9/2017 de 8 de

novembro de Contratos do Sector Público non é preceptivo o informe de supervisión xa que o orzamento de cada un deles non supera os 500.000 euros e os proxectos presentados non afectan a estabilidade, seguridade e estanquidade das obras.

Con data 3 de maio de 2018, o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos D. Aurelio Adán Fernández, respecto ao proxecto de mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela no tramo Joaquín Lóriga – Taboada Leal, que se cita no apartado VII cun presuposto de 734.685,69 euros, IVE excluído, informa favorablemente ao mesmo ao considerar que reúne os requisitos esixibles.

Ademais con respecto a cada uno dos proxectos, nos devanditos informes subliña que a documentación considérase completa, e que os proxectos toman en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos das administracións públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro, o que determina o seu informe favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da referida Lei 9/2017.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

Primeira.- O procedemento para a aprobación dos proxectos de obras a que se refire o presente expediente, observou os trámites fixados pola Xunta de Goberno Local, no acordo arriba referido de 8 de marzo de 2013, adoitado para a contratación das obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE.

Segunda.- Habida conta dos orzamentos das obras relativas ás redes de saneamento na Rúa Venezuela, tramos Gran Vía – Vázquez Varela e Gran Vía- Joaquín Lóriga, e a súa natureza, non resulta preceptivo o informe de supervisión de proxectos (artigo 235 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público) e cabe a simplificación da documentación, de acordo co disposto no artigo 233 da Lei 9/2017 e no artigo 126 do Regulamento da Lei de Contratos, aprobado polo Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro.

No caso das obras relativas ás redes de saneamento no tramo Joaquín Lóriga- Taboada Leal da Rúa Venezuela, cun presuposto de 734.685,69 euros, IVE excluído, o informe é preceptivo ao superar o importe de 500.000 euros e consta informe favorable da Oficina de Supervisión de proxectos de data 3 de maio de 2018.

Terceira.- Os proxectos de obras para a mellora das redes de saneamento na rúa Venezuela, tramos Gran Vía-Vázquez Varela, Joaquín Lóriga-Taboada Leal e Gran Vía -Joaquín Lóriga, tal e como resulta dos informes do Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de datas 26 de abril e 3 de maio de 2018, responden aos obxectivos propostos e respectan as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación.

Cuarta.- Constan no expediente informes xustificativos de que os prezos das unidades de obra dos proxectos e os custos asociados aos mesmos (redaccións dos proxectos, asistencia técnica e coordinación de seguridade e saúde) por un importe, estes últimos, de 16.027,33 euros, 30.838,28 euros, e 14.871,06 euros, respectivamente, IVE excluído, axústanse ao disposto nos acordos da Xunta de Goberno Local de 8 e 22 de marzo de 2013.



Concello de Vigo

Quinta.- A aprobación dos proxectos, de conformidade co repetido acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de marzo de 2013, sobre “Ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Investimentos de Aqualia FCC-Vigo UTE”, corresponde á Xunta de Goberno Local (apartado III.b).

Polo anteriormente exposto, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobamos os proxectos técnicos que se indican a continuación:

- Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Gran Vía – Vázquez Varela), cun presuposto de 381.832,25 Euros, IVE excluído e un prazo de execución de CATRO (4) MESES, con cargo aos investimentos a que se refire a cláusula terceira do acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011 de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC, como compromisos de investimentos da mesma.
- Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Joaquín Lóriga e a Rúa Taboada Leal), cun presuposto de 734.685,69 Euros, IVE excluído e un prazo de execución de CATRO (4) MESES, con cargo aos investimentos a que se refire a cláusula terceira do acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011 de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC, como compromisos de investimentos da mesma.
- Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Avda. Gran Vía e Rúa Joaquín Lóriga), cun presuposto de 354.285,44 Euros, IVE excluído e un prazo de execución de TRES (3) MESES, con cargo aos investimentos a que se refire a cláusula terceira do acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011 de prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Auga, outorgada a favor de Aqualia-FCC, como compromisos de investimentos da mesma.

Segundo.- Aprobamos os custos asociados aos proxectos, segundo o seguinte detalle:

Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Gran Vía – Vázquez Varela)

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	GALAICONTROL	6.417,35 €
Asistencia técnica á D.O.	GALAICONTROL	6.417,35 €
Coordinación de seguridade e saúde	CSM	1.604,34 €
	SUMA	14.439,04 €
	11% Gastos de Xestión	1.588,29 €
	TOTAL (IVE excluído)	16.027,33 €

Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Joaquín Lóriga e a Rúa Taboada Leal)

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	GALAICONTROL	12.347,66 €
Asistencia técnica á D.O.	GALAICONTROL	12.347,66 €
Coordinación de seguridade e saúde	CSM	3.086,91 €
	SUMA	27.782,23 €
	11% Gastos de Xestión	3.056,05 €
	TOTAL (IVE excluído)	30.838,28 €

Mellora das redes de saneamento na Rúa Venezuela (Tramo Avda. Gran Vía e Rúa Joaquín Lóriga)

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	GALAICONTROL	5.954,38 €
Asistencia técnica á D.O.	GALAICONTROL	5.954,38 €
Coordinación de seguridade e saúde	CSM	1.488,59 €
	SUMA	13.397,35 €
	11% Gastos de Xestión	1.473,71 €
	TOTAL (IVE excluído)	14.871,06 €

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo a “Aqualia FCC-Vigo UTE”, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

7(498).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE "PAVILLÓN POLIDEPORTIVO CUBERTO E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS PARA A COMPLETA URBANIZACIÓN DAS PARCELAS Nº 28 E 29 DO PLAN PARCIAL S.U.P. P.P. 1 QUIRÓS". EXPTE. 3799/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9/05/18, dáse conta do informe-proposta do 8/05/18, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais, e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

I.- O Pleno municipal, en sesión de 25.10.2018 acordou "Aprobar, ao abeiro do disposto no artigo 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, o cambio do uso dotacional de dúas parcelas municipais de 1.089 m² e 6.000 m² de superficie, respectivamente, sitas no ámbito do Plan Parcial S.U.P.P.1 Quirós, identificadas cos nº 28 e 29 no proxecto de compensación definitivamente aprobado, de dotacional educativo a dotacional deportivo."

II.- En desenvolvemento do Protocolo de Colaboración asinado o 20 de novembro de 2015 entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local, na sesión do 29 de decembro de 2017, acordou a aprobación do proxecto de "CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 4969/440". O mesmo foi asinado por ambas institucións con data 2 de xaneiro de 2018. Entre os investimentos recollidos no devandito convenio atópase a construción dun pavillón deportivo cuberto e instalacións complementarios en Quirós

III.- Entre as diferentes obrigas do Concello de Vigo derivadas do convenio atópanse:

- Redactar os correspondentes proxectos de obra e a aprobación dos mesmos, debendo constar un exemplar dos proxectos aprobados na Deputación Provincial.
- Licitación cada un dos proxectos que conforman as actuacións deste convenio.
- Executar, controlar e recibir as obras consonte aos correspondentes proxectos técnicos.

IV.- Os orzamentos municipais do ano 2018 recollen a aplicación orzamentaria 3420.622.00.06 "1ª ANUALIDADE CONSTRUCCIÓN NOVO PAVILLÓN QUIROS".

V.- Para levar a cabo esta actuación a Xunta de Goberno Local en sesión de data 28.12.2017 acordou "Adxudicar á UTE CONSULTORÍA, INGENIERÍA Y SERVICIOS INTEGRADOS DE LA CONSTRUCCIÓN, S.A. e NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P. o procedemento aberto de servizos para a redacción do proxecto de execución das obras dun pavillón polideportivo cuberto e instalacións complementarias para a completa urbanización das parcelas nº 28 e 29 do plan parcial S.U.P. P.P. 1 Quirós (4.639-440) por un prezo total de 69.741,97 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.103,98 euros. "

VI.- A empresa UTE CONSULTORÍA, INGENIERÍA Y SERVICIOS INTEGRADOS DE LA CONSTRUCCIÓN, S.A. e NAOS 04 ARQUITECTOS, S.L.P presentou proxecto básico e de execución de "PAVILLÓN POLIDEPORTIVO CUBERTO E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS PARA A COMPLETA URBANIZACIÓN DAS PARCELAS Nº 28 E 29 DO PLAN PLAN PARCIAL S.U.P. P.P. 1 QUIRÓS" redactado polos Arquitectos D. Santiago

González García, D. Miguel Porras Gestido, Dna. Paula Costoya Carro e Dna. Mónica Fernández Garrido, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. José Ramón Fernández Ceballos e polo Enxeñeiro Industrial D. Julio Gómez Leiras, cun orzamento base de licitación máis IVE de 3.224.265,55 Euros, e data marzo 2018 e con sinatura dixital de data 2/05/2018 e o documento Memoria (1) do Tomo I con sinatura dixital de 7/05/2018.

VII.- O Enxeñeiro Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas, en data 04.05.2018, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato, polo que o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, en data 08.05.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

VIII.- A actuación desenrólase nunha parcela de titularidade pública que proven dun planeamento secundario do Plan Parcial 1 Quiros e correspóndese coas parcelas determinas no proxecto de compensación como parcelas nº 28 e 29 e delimitada polas rúas Continos, Dona Cristina, e Dona Fita.

As obras consisten na construción dun edificio illado con tipoloxía de pavillón deportivo de dúas plantas para a práctica de deportes executado con estrutura autoportante de formigón armado e cuberta de estrutura metálica con acabado exterior de panel sándwich.

Resólvese o seu perímetro exterior a base de muros de formigón armado nas baixo rasante, paneis de formigón prefabricado e carpintería exterior de aluminio lacado

No seu interior prantéxase o espazo principal de pista polideportiva e nesta planta prevese tamén un Ximnasio, vestiarios, aseos, almacéns e cuartos de instalacións. Entre esta planta e a superior prantéxase o graderío con unha capacidade de 392 persoas, na planta superior prantéxase o acceso ao pavillón, co seu vestíbulo, para acceso a graderíos, aseos para uso do público y comunicación coa planta inferior a través de escaleiras e ascensor. Na fachada sur tanto exterior como interiormente prantéxase un rocódromo.

En canto a o seu acabado interior, prantéxase tanto na distribución interior como na formación de cámaras con elementos cerámicos para revestir, cos illamentos correspondentes , en canto a solados prevese formigón pulido na zona de graderío, plaqueta cerámica en locles húmidos, pavimento de PVC, en ximnasio e pavimento aerolástico con tarima en madeira de faia en pista polideportiva. En teitos prantéxase falso teito modular de xeso, e en zona de pista e planta superior quedará vista a chapa de cuberta microperforada, en canto a paramentos verticais se prevé en locais húmidos alicatado e no resto enfocado e pintado, cos seus correspondentes aparatos sanitarios.

Na carpintería interior prantéxase portas de taboleiro aglomerado fenólico laminado, a cerraxería proposta e de baranda de vidro de protección no graderío e metálica no resto das diferencia de cotas.

En canto a instalacións prantéxase, as correspondentes de evacuación a base de tubaxes de PVC e a súa canalización ata as conducións externas, abastecemento tanto de auga fría como quente, sistema de renovación de aire, instalación de electricidade, iluminación, protección contra lumes, produción auga quente sanitaria, previsión de voz e datos, sistema de megafonía equipamento deportivo e mobiliario.

No exterior, previo tratamento superficial do resto da parcela en zonas verdes, zonas de acceso en pavimentos de formigón pulido e zona de aparcamentos, prantéxase a creación



Concello de Vigo

dunha pista deportiva con pavimento de solera de formigón con acabado de pintura epoxi, coa súa correspondente recollida de augas e pechada no seu perímetro con valado metálico

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 11 meses.

XIX.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 08.05.2018 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando que a documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución de "PAVILLÓN POLIDEPORTIVO CUBERTO E INSTALACIÓNS COMPLEMENTARIAS PARA A COMPLETA URBANIZACIÓN DAS PARCELAS Nº 28 E 29 DO PLAN PLAN PARCIAL S.U.P. P.P. 1 QUIRÓS. ". redactado polos polos Arquitectos D. Santiago González García, D. Miguel Porras Gestido, Dna. Paula Costoya Carro e Dna. Mónica Fernández Garrido, polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. José Ramón Fernández Ceballos e polo Enxeñeiro Industrial D. Julio Gómez Leiras, cun orzamento base de licitación máis IVE de 3.224.265,55 Euros, e data marzo 2018 e e con sinatura dixital de data 2/05/2018 e o documento Memoria (1) do Tomo I con sinatura dixital de 7/05/2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(499).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA VÍA NORTE, ENTRE URZAIZ E ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ. EXPTE. 4988/440.

Visto o informe de fiscalización de data 7/05/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data , asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 7 de maio de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto das obras de humanización da rúa Vía Norte, entre Urzaiz e Escultor Gregorio Fernández (4.988-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto das obras de humanización da rúa Vía Norte, entre Urzaiz e Escultor Gregorio Fernández (4.988-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 26 de abril de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento a COPCISA, S.A. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe emitido polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Fomento o 13 de abril de 2018.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto das obras de humanización da rúa Vía Norte, entre Urzaiz e Escultor Gregorio Fernández (4.988-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.	96,16
2	AVAN INTEGRAL, S.L.	94,80
3	DRAGADOS, S.A.	93,56
4	MISTURAS, S.A.	93,48
5	EXTRACO, S.A.	92,94
6	HIDROMIÑO, S.L.	92,90
7	PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.	89,81
8	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.U.	89,10
9	XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	88,86
10	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	87,97
11	OGMIOS PROYECTO, S.L.	87,40
12	ORESA, S.L.	87,20
13	SA DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA	86,98
14	ORECO, S.A.	84,78
15	ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.	83,69
16	UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.- TRANSPORTES M. RODRÍGUEZ, S.L.	81,85
17	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	79,93
18	ELSAMEX, S.A.	77,48

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 805,72 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L., o día 27 de abril de 2018, que presenta a documentación requirida o 3 de maio de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 7 de maio de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CIVIS GLOBAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CIVIS GLOBAL, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 23 de marzo e 16 de abril de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CIVIS GLOBAL, S.L. o procedemento aberto das obras de humanización da rúa Vía Norte, entre Urzaiz e Escultor Gregorio Fernández (4.988-440) por un prezo total de 1.687.265,82 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 292.831,26 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(500).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE NAVIA”. EXPTE. 3787/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/05/18, dáse conta do informe-proposta do 8/05/18, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais, e o concelleiro delegado de Fomento, que di o seguinte:

I.- En desenvolvemento do Protocolo de Colaboración asinado o 20 de novembro de 2015 entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local, na sesión do 29 de decembro de 2017, acordou a aprobación do proxecto de “CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 4969/440”. O mesmo foi asinado por ambas institucións con data 2 de xaneiro de 2018.

O obxecto do citado convenio é establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a realización das obras de renovación, actualización e mellora de diversas instalacións deportivas no termo municipal de Vigo, entre as que figura a “Renovación das instalacións de céspede sintético en campos de fútbol municipais e a mellora dos sistemas de alumeado artificial e instalacións técnicas” cun orzamento previsto total de 2.900.000,00 euros.

II.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa 3420 “Instalacións deportivas” a aplicación

orxamentaria 3420.632.00.14 (1ª ANUALIDADE CONVENIO DEPUTACIÓN INVESTIMENTO CAMBIOS DE CÉSPEDE C. FÚTBOL).

III.- A Concellería de Deportes, a través de dilixencia asinada polo xefe do Servizo de Deportes-Director Deportivo en data 09.04.2018, remite unha serie de proxectos de obras redactados polos Arquitectos Municipais Juan Piñeiro e David Carvajal, entre os cales figura o "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE NAVIA", cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS NOVE MIL CENTO OITENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (309.182,31 €) de marzo de 2018 e data de sinatura dixital do 25/04/2018.

IV.- Por Decreto de Alcaldía de data 25.04.2018, delegouse no Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, tódalas atribucións precisas para a dirección política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias das actuacións e proxectos do convenio de colaboración suscrito entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a mellora de instalacións deportivas no termo municipal.

V.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 30.04.2018, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orxamentario da Área de Fomento asinado en data 27.04.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

VI.- A actuación desenrólase no campo de fútbol de Navia e comprende as seguintes actuacións:

- Previamente procederáse a retirada e acopio do material e mobiliario existente, para proceder a retirada do céspede e granulado de caucho. Posterior saneamento, nivelación e compactación do terreo existente, e aplicación de mezcla bituminosa unha vez preparada a base, colocarase o pavimento deportivo céspede artificial composto de base elástica prefabricada e acabado de céspede artificial.
- Renovación de sistemas de alumeados, para a mellora de eficiencia enerxética.
- Nova instalación de depósito de auga soterrado e conexión a rede de recollida de augas pluviais incluída a parte proporcional, de canalización, e limpeza de sumidoiros existentes.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 60 días.

VII.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 07.05.2018 informe sinalando o seguinte:

"A vista de que as obras propostas segundo o presuposto adxunto, excluído o IVE é de 255.522,57 Euros, inferior a 500.000,00 Euros e segundo determina o art. 235 lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e que o proxecto presentado segundo a descrición do mesmo non afecta a estabilidade, seguridade e estancidade da obra.



Concello de Vigo

Polo tanto segundo determina o art. 235 da "lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014" non e preceptivo o informe de supervisión.

A súa vez tendo en conta as determinacións que fixa o art. 233.2 desta lei, os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria descritiva e construtiva, prego de prescricións técnicas, estudo básico de seguridade e saúde, planos e orzamento.

Polo que o proxecto presentado, define as obras a executar e as mesmas con este documento poden ser executadas, segundo se determina no apartado 3.1, esta obra unha vez rematada, pode ser entregada para o seu uso de acordo o art. 125 do R.D. 1098/2001, Regulamento da lei de contratos".

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contidos no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE NAVIA", redactado polos

Arquitectos Municipais Juan L. Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS NOVE MIL CENTO OITENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (309.182,31 €) de marzo de 2018 e data de sinatura dixital do 25/04/2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(501).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE MEIXOEIRO”. EXPTE. 3789/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/05/18, dáse conta do informe-proposta do 8/05/18, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais, e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

I.- En desenvolvemento do Protocolo de Colaboración asinado o 20 de novembro de 2015 entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local, na sesión do 29 de decembro de 2017, acordou a aprobación do proxecto de “CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 4969/440”. O mesmo foi asinado por ambas institucións con data 2 de xaneiro de 2018.

O obxecto do citado convenio é establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a realización das obras de renovación, actualización e mellora de diversas instalacións deportivas no termo municipal de Vigo, entre as que figura a “Renovación das instalacións de céspede sintético en campos de fútbol municipais e a mellora dos sistemas de alumeadado artificial e instalacións técnicas” cun orzamento previsto total de 2.900.000,00 euros.

II.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa 3420 “Instalacións deportivas” a aplicación orzamentaria 3420.632.00.14 (1ª ANUALIDADE CONVENIO DEPUTACIÓN INVESTIMENTO CAMBIOS DE CÉSPEDE C. FÚTBOL).

III.- A Concellería de Deportes, a través de dilixencia asinada polo xefe do Servizo de Deportes-Director Deportivo en data 09.04.2018, remite unha series de proxectos de obras redactados polos Arquitectos Municipais Juan Piñeiro e David Carvajal, entre os cales figura o “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE MEIXOEIRO”, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS CINCUENTA E DOUS MIL SEISCENTOS TRES EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS (352.603,23 €) de marzo de 2018 e data de sinatura dixital do 25/04/2018.



Concello de Vigo

IV.- Por Decreto de Alcaldía de data 25.04.2018, delegouse no Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, tódalas atribucións precisas para a dirección política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias das actuacións e proxectos do convenio de colaboración suscrito entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a mellora de instalacións deportivas no termo municipal.

V.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 30.04.2018, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado en data 27.04.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

VI.- A actuación desenrólase no campo de fútbol de Meixoeiro e comprende as seguintes actuacións:

- Previamente procederáse a retirada e acopio do material e mobiliario existente, para proceder a retirada do céspede e granulado de caucho. Posterior saneamento, nivelación e compactación do terreo existente, e aplicación de mezcla bituminosa unha vez preparada a base, colocárase o pavimento deportivo céspede artificial composto de base elástica prefabricada e acabado de céspede artificial.
- Renovación de sistemas de alumeadado, para a mellora de eficiencia enerxética.
- Instalación de caldeira de biomasa para a produción de auga quente, mediante unidades modulares que conteñen caldeira, silo, interacumulador, cos seus correspondentes sistemas hidráulicos e cadros de manobra.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 60 días.

VII.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 07.05.2018 informe sinalando o seguinte:

“A vista de que as obras propostas segundo o presuposto adxunto, excluído o IVE é de 291.407,63 Euros, inferior a 500.000,00 Euros e segundo determina o art. 235 lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e que o proxecto presentado segundo a descrición do mesmo non afecta a estabilidade, seguridade e estanquidade da obra.

Polo tanto segundo determina o art. 235 da “lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014” non e preceptivo o informe de supervisión.

A súa vez tendo en conta as determinacións que fixa o art. 233.2 desta lei, os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria descritiva e construtiva, prego de prescricións técnicas, estudo básico de seguridade e saúde, planos e orzamento.

Polo que o proxecto presentado, define as obras a executar e as mesmas con este documento poden ser executadas, segundo se determina no apartado 3.1, esta obra unha vez rematada, pode ser entregada para o seu uso de acordo o art. 125 do R.D. 1098/2001, Regulamento da lei de contratos.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especificanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contidos no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE MEIXOEIRO”, redactado polos Arquitectos Municipais Juan L. Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS CINCUENTA E DOUS MIL SEISCENTOS TRES EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS (352.603,23 €) de marzo de 2018 e data de sinatura dixital do 25/04/2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

11(502).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE AS RELFAS- SÁRDOMA”. EXPTE. 3791/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/05/18, dáse conta do informe-proposta do 8/05/18, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico da Área de Servizos Xerais, e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- En desenvolvemento do Protocolo de Colaboración asinado o 20 de novembro de 2015 entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local, na sesión do 29 de decembro de 2017, acordou a aprobación do proxecto de “CONVENIO DE COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A MELLORA DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS NO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 4969/440”. O mesmo foi asinado por ambas institucións con data 2 de xaneiro de 2018.

O obxecto do citado convenio é establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a realización das obras de renovación, actualización e mellora de diversas instalacións deportivas no termo municipal de Vigo, entre as que figura a “Renovación das instalacións de céspede sintético en campos de fútbol municipais e a mellora dos sistemas de alumeado artificial e instalacións técnicas” cun orzamento previsto total de 2.900.000,00 euros.

II.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2017 recolle dentro do programa 3420 “Instalacións deportivas” a aplicación orzamentaria 3420.632.00.14 (1ª ANUALIDADE CONVENIO DEPUTACIÓN INVESTIMENTO CAMBIOS DE CÉSPEDE C. FÚTBOL).

III.- A Concellería de Deportes, a través de dilixencia asinada polo xefe do Servizo de Deportes-Director Deportivo en data 09.04.2018, remite unha serie de proxectos de obras redactados polos Arquitectos Municipais Juan Piñeiro e David Carvajal, entre os cales figura o “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE AS RELFAS - SÁRDOMA”, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SETENTA MIL OITOCENTOS DEZ EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (370.810,39 €) de marzo de 2018 e data de sinatura dixital do 25/04/2018.

IV.- Por Decreto de Alcaldía de data 25.04.2018, delegouse no Concelleiro da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, tódalas atribucións precisas para a dirección política, xestión, seguimento, tramitación e execución necesarias das actuacións e proxectos do convenio de colaboración suscrito entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a mellora de instalacións deportivas no termo municipal.

V.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento en data 30.04.2018, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento asinado en data 27.04.2018, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

VI.- A actuación desenrólase no campo de fútbol de As Relfas-Sárdoma e comprende as seguintes actuacións:

- Previamente procederase a retirada e acopio do material e mobiliario existente, para proceder a retirada do céspede e granulado de caucho. Posterior saneamento, nivelación e compactación do terreo existente, e aplicación de mezcla bituminosa unha vez preparada a base, colocarase o pavimento deportivo céspede artificial composto de base elástica prefabricada e acabado de céspede artificial.
- Renovación de sistemas de alumado, para a mellora de eficiencia enerxética.
- Instalación de caldeira de biomasa para a produción de auga quente, mediante unidades modulares que conteñen caldeira, silo, interacumulador, cos seus correspondentes sistemas hidráulicos e cadros de manobra.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 60 días.

VII.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal, emite en data 07.05.2018 informe sinalando o seguinte:

“A vista de que as obras propostas segundo o presuposto adxunto, excluído o IVE é de 306.454,87 Euros, inferior a 500.000,00 Euros e segundo determina o art. 235 lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e que o proxecto presentado segundo a descrición do mesmo non afecta a estabilidade, seguridade e estanquidade da obra.

Polo tanto segundo determina o art. 235 da “lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014” non e preceptivo o informe de supervisión.

A súa vez tendo en conta as determinacións que fixa o art. 233.2 desta lei, os documentos a presentar poderán simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria descritiva e construtiva, prego de prescricións técnicas, estudo básico de seguridade e saúde, planos e orzamento.

Polo que o proxecto presentado, define as obras a executar e as mesmas con este documento poden ser executadas, segundo se determina no apartado 3.1, esta obra unha vez rematada, pode ser entregada para o seu uso de acordo o art. 125 do R.D. 1098/2001, Regulamento da lei de contratos”.



Concello de Vigo

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, segundo resulta dos propios documentos contidos no propio proxecto e do informe técnico que obra no expediente.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o “PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A RENOVACIÓN DE CÉSPEDE ARTIFICIAL E INSTALACIÓNS NO CAMPO DE FÚTBOL DE AS RELFAS - SÁRDOMA”, redactado polos Arquitectos Municipais Juan L. Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS SETENTA MIL OITOCENTOS DEZ EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (370.810,39 €) de marzo de 2018 e data de sinatura dixital do 25/04/2018.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(503).- ADSCRICIÓN DAS INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS “SANEAMENTO DE VIGO” Á CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGAS, PARA A SÚA EXPLOTACIÓN POLA CONCESIONARIA. EXPTE. 44/441.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/05/18, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola técnica de

xestión, o xefe da Área de Investimentos, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

Primeiro.- O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de 25 de outubro de 1990, adxudicou á U.T.E. "SERAGUA-FOCSA VIGO", hoxe denominada "FCC AQUALIA, S.A. Y FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A., Ley 18/1982, DE 26 DE MAYO", abreviadamente "FCC AQUALIA VIGO, U.T.E.", a concesión da xestión integral do servizo público municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo por un prazo de 25 anos, a contar dende 1 de xaneiro de 1991.

A cláusula primeira do contrato e do prego de cláusulas económico administrativas da concesión (no sucesivo PCEA) define o obxecto do contrato como «a xestión integral do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, así como a achega dos investimentos para a construción das instalacións que resulten necesarias, que de xeito orientativo se reflicten no Plan de Investimentos achegado ao prego como Anexo I», cuxa xestión, unha vez executadas será asumida pola concesionaria «nas condicións definidas no presente prego e na oferta que serviu de base para a adxudicación» (Cláusula 1ª 1, parágrafo 2 PCEA).

Ademais das obras e instalacións municipais que, en virtude do contrato, se entregarían á concesionaria para a prestación do servizo, o apartado 3 da cláusula primeira do PCEA do contrato precisa que «Asimesmo entrarán tamén a formar parte do obxecto da concesión as obras e instalacións que execute ou reciba o Concello de Vigo para a súa adscrición ao servizo encomendado durante o período concesional».

Segundo.- Por acordo da Xunta de Goberno Local, de data 21 de novembro de 2011, declarouse a prórroga do contrato de concesión por un período de 5 anos, contados a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato. En consecuencia, a concesión finaliza o 31 de decembro de 2020.

Na dita resolución, entre outras disposicións, acordouse que as cifras correspondentes aos investimentos comprometidos pola concesionaria, que figuran no seu texto, serán obxecto de aumento ou diminución en función das desviacións de demanda que se aprecien efectivamente sobre as consideradas (40.981.058 m³), de xeito que as positivas suporán maior capacidade de financiamento e investimento e as de signo contrario traduciranse nunha redución das ditas magnitudes (apartado 3º). Igualmente e á vista do informe de procedementos acordados, redactado pola consultora externa Price Water House Coopers, con data de 27 de outubro de 2011, a Xunta de Goberno Local acordou, tamén, requirir a realización dos axustes no modelo de recuperación de investimentos postos de manifesto no dito informe así como requirir á mentada entidade a achega da información financeira que permita actualizar a retribución da concesión.

Terceiro.- Con data 2 de agosto de 2010 asinouse o Convenio para a construción das infraestruturas hidráulicas da actuación "Saneamento de Vigo" entre a Sociedade Estatal Aguas de las Cuencas del Norte, S.A. (agora Aguas de las Cuencas de España, S.A.), a



Concello de Vigo

Xunta de Galicia, o Organismo Autónomo Augas de Galicia (agora Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia) e este Concello; convenio que fora aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria e urxente de 30 de xullo de 2010.

Cuarto.- No que atinxe a recepción das infraestruturas hidráulicas, o Convenio, na súa Cláusula V. b), dispón o que segue:

«Una vez superadas las pruebas de puesta en marcha de la infraestructura hidráulica, acreditándose mediante el informe correspondiente emitido por la entidad certificadora seleccionada y por el propio de la Dirección Facultativa de las Obras, acuaNorte convocará a la Xunta de Galicia, al Organismo Autónomo Augas de Galicia y al Concello de Vigo (Entidad gestora del servicio público), para los actos de recepción y entrega de la infraestructura hidráulica objeto del Convenio (...). Igualmente, acuaNorte comunicará la celebración de los actos al Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino, a los efectos de que pueda designar a un representante.

(...)

*En el mismo acto de la recepción contractual de las obras ejecutadas por el Contratista, acuaNorte procederá a su entrega -mediando el consentimiento del representante del Ministerio de Medio Ambiente, y Medio Rural y Marino- al Concello de Vigo (Entidad gestora del servicio público), **quedando la infraestructura hidráulica desde entonces bajo la competencia municipal, como bien afecto al servicio público de abastecimiento de agua y saneamiento de la ciudad**, y sucediendo a partir de ese momento a acuaNorte, con plenitud de efectos jurídicos, en la integridad de facultades, derechos y obligaciones respecto de la entidad adjudicataria del contrato y por razón del mismo, subrogándose especialmente en las obligaciones de pago aplazadas al Contratista y, correlativamente, asumiendo las facultades correspondientes a acuaNorte durante el periodo de garantía de dicho Contrato.*

(...)

Quinto.- Este convenio foi obxecto de tres sucesivas addendas que foron formalizadas con datas de 11 de novembro de 2011, 19 de abril de 2013 e 17 de xuño de 2014, coa finalidade de reprogramar as anualidades de inversión e financiación recollidas nas súas Cláusulas I e III. Ademais, nesta última Addenda modificouse a Cláusula III, letra c), punto 2, no referente a forma de pago das achegas da correspondentes á Xunta de Galicia.

Sexto.- Con data de 25 de xullo de 2017, o Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente e a Sociedade Mercantil Estatal Aguas de las Cuencas de España S.A. asinaron a Addenda nº 1 ao seu vixente Convenio de Xestión Directa, de 30 de xuño de 2014; addenda que no seu Adicional, en relación co «Saneamento de Vigo», modifica tanto o importe da inversión e o esquema de financiamento inicialmente previsto para a actuación —establecendo unha achega máxima de ACUAES de 18.553.726 €—, como o réxime de explotación da actuación.

De conformidade con esta Addenda a Sociedade Estatal deberá manter, ao menos ata a completa recuperación dos fondos propios achegados, a titularidade da infraestrutura e a competencia da explotación.

Sétimo.- Habida conta a aprobación da dita Addenda ao citado Convenio de Xestión Directa, a proposta da Comisión de Seguimento do Convenio para a execución das infraestruturas do Saneamento de Vigo tramitouse neste Concello unha cuarta Addenda (expediente 4911-440), que foi aprobada pola Xunta de Goberno, con data 3 de maio de 2018, coa finalidade de determinar o importe final da inversión, a reprogramación financeira das achegas correspondentes a cada parte, e o mantemento por ACUAES da titularidade da infraestrutura e a competencia da súa explotación ata que recupere a contía adelantada a través de fondos propios; e a regulación da tarifa de explotación que o Concello deberá aboar ata que non reciba a titularidade da infraestrutura.

Oitavo.- Respecto ao réxime de recepción das obras, titularidade, explotación e cesión ao Concello de Vigo da utilización e operación das infraestruturas hidráulicas, obxecto do convenio, a devandita Addenda establece o seguinte:

“Conforme a lo previsto en la Adenda nº 1 al vigente Convenio de Gestión Directa de ACUAES, se modifica el régimen de recepción de las obras, entrega y explotación de la infraestructura hidráulica previsto en la Cláusula V prevista en el Convenio específico con el siguiente resultado:

RECEPCIÓN DE LAS OBRAS Y EXPLOTACIÓN DE LA INFRAESTRUCTURA.

Previamente a su recepción, la infraestructura hidráulica objeto del Convenio deberá superar las pruebas de puesta en marcha que se acuerden por las entidades firmantes en el seno de la Comisión de Seguimiento prevista en la Cláusula VIII. El cumplimiento de las pruebas de puesta en marcha será certificado por la Dirección Facultativa de las Obras y, previamente, por la entidad independiente que acuerden las entidades firmantes en el seno de la Comisión de Seguimiento.

La titularidad de la infraestructura y de la competencia de su explotación corresponderá a Aguas de las Cuencas de España, S.A. La explotación de la infraestructura por ACUAES se concretará en la cesión onerosa de su utilización al Concello de Vigo para la gestión, directa o indirecta, del servicio municipal de saneamiento de aguas residuales, que con la operación de infraestructura hidráulica asumirá, directa o indirectamente, la obligación de su conservación, mantenimiento y reposición de sus elementos y equipos. Para ello, el Concello de Vigo, previamente a la firma del acta de inicio de explotación, deberá demostrar fehacientemente que dispone de los medios necesarios para acometer de forma adecuada la explotación de la infraestructura hidráulica objeto del Convenio.

No obstante, una vez recuperados los fondos propios aportados por la Sociedad Estatal a la financiación de las obras, la titularidad de la infraestructura hidráulica será entregada al Concello, si así lo solicitase, y/o a las entidades públicas o privadas que este señale, siguiendo el procedmientto jurídico vigente en ese momento y manteniendo esa titularidad la Sociedad Estatal en tanto esto no suceda. En todo caso, los receptores de las obras asumirán todos los costes y gastos,



Concello de Vigo

derivados de la entrega, todo ello cumpliendo con los procedimientos establecidos en la legislación vigente.

A partir del momento de la entrega de la titularidad, la infraestructura hidráulica quedará bajo la competencia del Concello, o en su caso de la entidad pública o privada señalada por éste, sucediendo a partir de ese momento a ACUAES, con plenitud de efectos jurídicos, en la integridad de facultades, derechos y obligaciones respecto de la entidad adjudicataria del contrato y por razón del mismo, subrogándose especialmente en las obligaciones de pago aplazadas al Contratista y, correlativamente, asumiendo las facultades correspondientes a la Sociedad Estatal durante el periodo de garantía de dicho Contrato”.

(...)

Noveno.- Na reunión da Comisión de Seguimento da actuación «Saneamento de Vigo» celebrada con data 21 de febreiro de 2018, o representante de ACUAES comunicou que o período de posta en marcha da EDAR finaliza o 11 de maio de 2018 e solicitou a designación dos representante do Concello de Vigo para o acto de recepción. Ademais, nesta reunión ACUAES fixo entrega do calendario de trámites e actividades relativos á entrega da infraestructura. Segundo este calendario o Plan de Explotación do que é responsable o Concello debe entregarse a Acuaes antes do 30 de abril de 2018, para a súa aprobación con carácter previo ao inicio da explotación.

Décimo.- Con data 4 de abril de 2018 e tendo en conta a inminente finalización do prazo de posta en marcha da nova infraestructura, ACUAES fixo entrega ao Concello de Vigo do Plan de Explotación da nova infraestructura hidráulica ao que se deberá axustar o da xestora da infraestructura.

O «plan de explotación es —segundo se di no oficio de data 2 de abril de 2018, remitido por Acuaes a este Concello de Vigo— un documento previsto en el procedimiento interno de Acuaes para la cesión de infraestructuras para su explotación, para que el explotador redacte un plan de explotación aceptable desde el punto de vista de los objetivos e intereses de Acuaes. En este caso, este objetivo se cumple con la entrega de un plan de explotación aprobado por Acuaes. Solamente en el caso que el Concello de Vigo decida modificar este plan deberá evaluarse de nuevo el cumplimiento de estos objetivos mínimos».

Undécimo.- Con data 13 de abril de 2018, o 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento resolveu iniciar expediente para a tramitación e aprobación, de ser o caso, por parte do Concello de Vigo da adscrición das infraestructuras hidráulicas obxecto do devandito Convenio da actuación “Saneamento de Vigo” á concesionaria do servizo para a súa operación e xestión.

Neste mesmo acordo dispúxose que pola concesionaria “FCC Aqualia Vigo U.T.E.” se remitisen ao Concello de Vigo, no prazo de 10 días, os seguintes documentos:

- Plan de Explotación da Edar Lagares, de conformidade cos requisitos establecidos por Aguas de las Cuencas de España, S.A.(ACUAES) no plan elaborado por esta.

- Estudo económico financeiro do servizo de depuración de augas obxecto da concesión, no que se mostren de forma xustificada e co desglose o mais detallado posible as distintas partidas de custos que integran o novo custo unitario de metro cúbico de auga facturado aos usuarios do mesmo.

Décimo segundo.- Consta no expediente memoria xustificativa para a aprobación do Plan de Explotación da EDAR Lagares e o estudo económico de custes para a súa operación, presentados pola concesionaria do servizo.

A memoria asinada, con data de 10 de maio de 2018, pola técnica de xestión municipal, os enxeñeiros municipais de camiños, canais e portos municipais e o xefe da Área de Investimentos no que se informan favorablemente os ditos documentos, sinalando canto ao Plan de Explotación que se axusta aos requisitos establecidos por Acuaes.

Décimo terceiro.- Constan tamén no expediente as actas de inspección conxunta da execución das obras do emisario submarino da EDAR de Lagares, de 5 de julio de 2017; das obras do proxecto de acometida eléctrica e subestación da EDAR Lagares, de data 22 de marzo de 2018; e das obras do proxecto de ampliación e modernización da EDAR de Lagares, de 8 de maio de 2018, asinadas pordon Rafael Díaz Martínez, don Miguel Ángel Román Espiñeira e don Carlos Fernández Casanova, como directores facultativo de cada unha das ditas obras, por don Juan Ignacio Niño Taboada e o enxeñeiro de obras públicas municipal, don Juan Aguirre Rodríguez, polo comité de dirección da obra e por don pablo José García Noguero, don José Luis González Gago e don Manuel Ángel Martín Calvo, como delegados da contratista en cada unha da ditas obras.

Na acta de inspección conxunta da execución das obras do emisario submarino da EDAR de Lagares, de 5 de julio de 2017 conclúese que:

«En la fecha de esta acta se ha procedido a una nueva inspección conjunta en la que se ha comprobado que se han ejecutado la totalidad de las obras incluidas en el contrato y que se encuentran en condiciones de ser recibidas por Acuaes. Así mismo, se deja constancia de que quedan pendientes de reemplazar los paños dañados de chapa minionda de la estación de bombeo y de realizar las pruebas de los equipos electromecánicos del pozo de Samil. La primera acción no se pudo completar por problemas de plazo de suministro y la segunda depende de las labores de puesta a punto del sistema de control de la EDAR, previas a la integración del control de los equipos de la arqueta de Samil. Ambas cuestiones podrán ser realizadas durante el plazo de garantía de la obra, sin que suponga ningún menoscabo en cuanto a la puesta en servicio de las instalaciones».

Na acta de inspección conxunta das obras do proxecto de acometida eléctrica e subestación da EDAR Lagares, de data 22 de marzo de 2018 conclúese que:

«En la fecha de hoy se ha procedido a una nueva inspección conjunta en la que se ha comprobado que se han ejecutado la totalidad de las obras incluidas en el contrato y que se encuentran en condiciones de ser recibidas por Acuaes. Así mismo, se deja constancia de que queda pendiente de comprobar la integración del sistema de control de la subestación EDAR Lagares en el sistema de control de la EDAR Lagares. Esta acción no se pudo completar porque necesita finalizar trabajos



Concello de Vigo

en el sistema de control de la EDAR Lagares. Esta cuestión podrá ser subsanada durante el plazo de garantía de la obra, sin que suponga menoscabo alguno en cuanto a la puesta en servicio de las instalaciones».

E na das obras do proxecto de ampliación e modernización da EDAR de Lagares, de 8 de maio de 2018 realízanse as salvedades que seguen:

«3. Que una vez realizada la inspección conjunta de las obras a fecha de la firma, se constata que se han ejecutado la totalidad de las obras incluidas en el contrato y que se encuentran en condiciones de ser recibidas por Acuaes.

No obstante, se deja constancia de que a fecha de redacción de esta acta existen cuestiones sobre las que el contratista debe seguir manteniendo su responsabilidad; éstas son:

a. Monitorización de la evolución del proceso de desnitrificación para verificar el impacto positivo del incremento de los ratios de recirculación y el posible efecto de inhibición de los picos de conductividad registrados en la planta. La UTE Edar Lagares debe prestar la asistencia técnica necesaria para verificar la correcta evolución de este proceso.

b. En línea con lo anterior, debe seguir monitorizándose el comportamiento de los procesos de desamonificación (Demon) y eliminación de fósforo (Actiflo) para verificar que no se producen episodios de inhibición o desestabilización que los alejen de los rendimientos esperados. Así mismo, será responsabilidad suya el establecer un contacto directo con los suministradores esperados. Así mismo, será responsabilidad suya el establecer un contacto directo con los suministradores de ambas tecnologías (DEMON® y Veolia) para aportar las directrices de operación necesarias hasta alcanzar su rendimiento óptimo en función de las condiciones del auga residual influente.

En particular, se prevé que la estabilización del proceso de desamonificación se extienda por un período aproximado de tres meses, por lo que se propone que este proceso tenga una recepción independiente y que se inicie su período de garantía una vez cumplimentada esta nueva Acta complementaria de fin de la puesta en marcha. Durante este plazo la UTE contratista dispondrá el equipo necesario para conseguir el fin citado, sin que ello sea causa de reclamación posterior.

c. Resolución de las incidencias de explotación abiertas a fecha de expedición del acta:

- i. Sustitución de las compuertas de aislamiento de las rejillas de gruesos.*
- ii. Recarga de medio filtrante en la celda G de la primera etapa de biofiltración.*

Será responsabilidad de la UTE Edar Lagares disponer los medios necesarios para proceder a la completa satisfactoria resolución de estas incidencias.

d. Igualmente, será responsabilidad de la UTE Edar Lagares la resolución de los siguientes aspectos:

i. Realizar cualquier tipo de modificación en la instalación que pudiera ser detectada para el cumplimiento de la legislación vigente en materia de Prevención de Riesgos Laborales y siempre a criterio de la Dirección Facultativa.

ii. Realizar las medidas correctoras para el correcto acabado de las superficies ajardinadas exteriores a la parcela de la Edar así como la reposición de las marras que pudieran aparecer en las plantaciones de acuerdo con las condiciones que rigen la ejecución.

4. Por otro lado, como consecuencia de la operación de la instalación y del mantenimiento llevado a cabo durante el período de puesta en marcha, existen una serie de elementos que se encuentran en reparación y por lo tanto, no están en la planta en el momento del reconocimiento, o no se encuentran en la situación de operación normal. Estos elementos se detallan en el acta de finalización de la fase III: Puesta en marcha. Se deja constancia de ello en la presente acta y se acuerda que la UTE Edar Lagares llevará a cabo su reparación o reubicación lo antes posible y siempre dentro del período de garantía, por lo que será objeto de comprobación en la liquidación del contrato.

Décimo cuarto.- Presentada por FCC Aqualia Vigo U.T.E. o plan de explotación da nova infraestrutura hidráulica e o estudo económico financeiro da repercusión da xestión das novas infraestruras no custe do servizo, deuse traslado do primeiro a Acuaes para a súa conformidade ou, de se lo caso, requirimento de corrección.

Do estudo económico financeiro do custe do servizo deuse traslado ao Xefe da Área de investimentos, que, xunto cos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais e con base no informe elaborado por Serye Ingenieros, S.L. contratado ao efecto, emitiron con data 10 de maio, informe que figura no expediente no que se conclúe o que segue:

«A vista do contido do presente informe pódese concluír que a proposta de adscrición das instalacións da nova “Ampliación da EDAR LAGARES”, non terá un efecto negativo no desenvolvemento do modelo de recuperación financeira establecido no ámbito da actual prorroga do contrato, xa que de forma obxectiva deberán aplicarse no mesmo as revisións económicas desvoltas neste informe e que se poden resumir nos seguintes criterios:

1.- Aspectos que determinarán un incremento de custes no modelo financeiro do contrato no período de prorroga:

O Incremento de custes a vincular na determinación da tarifa de retribución do Concesionario derivados da adscrición das instalacións da “Ampliación da EDAR do Lagares” e de acordo cos datos económicos desvoltos neste informe, indican de maneira xeral que existe unha diferenza teórica de 960.791,95 €, en base os datos do custe estimado da antiga EDAR para ano 2017 de 6.147.876,11 €, e o custe anual



Concello de Vigo

estimado para unha anualidade das novas instalación das EDAR para o ano 2018 de 7.108.668,06 € (incluíndo o pago da tarifa anual a favor de ACUAES por un importe de 132.570,00 €), polo cal, a desviación global nos dous anos e medio pendentes ata a finalización do período contractual da prorroga, tería unha incidencia estimada de 2,40 millóns de euros (diferencia entre os custes estimados para resto da concesión $-7.108 \cdot 2,5 = 17,77$ millóns de euros, minorados cos custes da antiga depuradora $-6,147 \cdot 2,5 = 15,37$ millóns de euros-).

2.- Aspectos que determinarán minoracións de custes no modelo financeiro do contrato no período de prorroga:

a.- Minoración de 855.000,00 €, en relación as obrigas contempladas no acordo de prorroga para o abono dos custes de expropiacións dos terreos para a construción das novas infraestruturas.

b.- Axuste dos custes de explotación non executados nos períodos de execución da ampliación da EDAR LAGARES, así como no período de posta en funcionamento (maio 2017/maio 2018). En relación a este apartado debese ter en conta que a estimación dos custes de explotación da antiga EDAR para un período anual referente a temporalidade 2017, e superior os 6 millóns de euros, de acordo cos seguintes datos:

Adscrición servizo	Importe €	Data	Importe €/m3
Adscricións da EDAR LAGARES	2.025.333,00 €	01/08/1998	0,0611
Adscrición "xestión de Lodos da EDAR Lagares",	436.334,00 €	01/09/2000	0,0135
Adscrición "ampliación EDAR Lagares"	538.507,00 €	01/07/2002	0,0153

Dito importe foi actualizado nos acordos de revisión, e en base o último aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 14 de abril de 2008, no que establece como retribución da concesionaria a cantidade de 0.9941 €/m3 de auga facturada, con efectos do 1 de xaneiro de 2007, corresponde aos gastos directamente relacionados coa EDAR LAGARES, un custe unitario de "0,1259 €/m3 de auga".

En relación a estes datos e facendo unha extrapolación prudente da incidencia dos factores de actúan na fórmula de revisión do "custe unitario"; pódese concluír os seguintes valores como referencias do custe global da antiga "EDAR LAGARES":

-Ano 2007: $0,1259 \text{ €/m}^3 \times 40.621.468 \text{ m}^3 \text{ de auga} = 5.114.242,82 \text{ €}$.

-Ano 2017: (+-) $0,1481 \text{ €/m}^3 \times 41.511.655 \text{ m}^3 \text{ de auga} = 6.147.876,11 \text{ €}$.

Polo cal cunha estimación prudente de minoración destes custes no entorno dun 80%, estariamos ante unha minoración teórica de aproximadamente 4,8 millóns de

euros, que actuarán como un factor corrector importante no modelo de recuperación financeiro derivada da minoración teórica da tarifa de retribución.

Estas estimacións económicas, indican un diferencial importante entre os incrementos e as minoracións económicas derivados desta adscrición ao servizo a favor do equilibrio do modelo económico financeiro da concesión e no seu caso como factor minorador do posible déficit da tarifa da concesión. En base a este datos a adscrición proposta no contempla ningún indicador económico que poda desestabilizar negativamente o modelo de recuperación financeira establecido para o actual período de prorroga. E todo isto salvaguardando as obrigas inherente ao propio acordo da prorroga que obriga a unha revisión nas condicións establecidas no mesmo acordo sobre o modelo de recuperación financeira determinado para o prazo de prorroga (2015/2020), e que de forma certa poderán ser determinadas a partir do acto de adscrición das novas infraestruturas.

Polo exposto, a proposta de adscrición deberá indicar tanto os criterios económicos recollidos neste informe que quedan identificados como valores de minoración dos custes no modelo financeiro, e así mesmo a determinación dos custes das novas instalacións de acordo coa propia aceptación por parte da actual Concesionaria.

Custes fixos:

COSTES FIXOS		Coeficientes	
Persoal	1.605.333,46 €	"a" =	0,457
Mantemento e conservación	630.000,00 €	"c" =	0,338
Reposicións	234.892,49 €		
Analíticas	67.267,15 €		
Outros custes fixos	252.660,00 €		
Electricidade (TP)	334.701,33 €	"b" =	0,095
TOTAL COSTES FIXOS EXECUCIÓN MATERIAL	3.124.854,43		
Importe correspondente co factor gastos xerais	187.491,27 €	"d" =	0,060
Importe correspondente co factor do termo independente	156.242,72 €	"e" =	0,050
TOTAL CUSTES FIXOS CON GASTOS XERAIS	3.468.588,42 €		
Tarifa a aboar a ACUAES	132.570,00 €		
TOTAL CUSTES FIXOS ANUAIS	3.601.158,42 €		

Custe variable:

COSTES VARIABLES		Coeficientes	
Electricidade (TE)	1.187.655,33	"b" =	0,335
Reactivos	1.353.806,56	"c" =	0,555
Residuos	618.456,71		



Concello de Vigo

TOTAL CUSTES VARIABLES EXECUCIÓN MATERIAL	3.159.918,60 €		
Importe correspondente co factor gastos xerais	189.595,12 €	"d" =	0,060
Importe correspondente co factor do termo independente	157.995,93 €	"e" =	0,050
TOTAL CUSTES VARIABLES CON GASTOS XERAIS	3.507.509,65 €		

Este importe será calculado en función dos m³ reais tratados anualmente nas instalacións da EDAR LAGARES de acordo coa seguinte fórmula, da cal se determinará o importe total euros/ano correspondente a parte variable do contrato. Fórmula para a determinación do importe total ano da parte variable:

$$Y = -0,0185259481 * x^2 + 447,2147082586 * x + 947333,394896657$$

Onde:

"x" e o valor real do volume medio tratado nun período anual en m³/h anuais

"Y" e o importe en Euros/ano para a determinación da retribución da parte variable en concepto de execución material.

Así mesmo, considerase obrigado que neste propio acordo de adscrición, se proceda a incoar o inicio do expediente conducente a revisión do modelo de recuperación financeira, tanto no ámbito das obrigas derivadas do acordo que establece o actual período de prorroga, como de todos aqueles aspectos obrigatorios para o proceso de liquidación do actual contrato de acordo a previsión da súa finalización para finais do ano 2020».

Décimo quinto.- Con esta data Acuaes presenta nesta Administración municipal borrador de acta de inicio de explotación das infraestruturas hidráulicas "Saneamiento de Vigo" co obxecto de facer efectiva a cesión das ditas infraestruturas ao Concello de Vigo para a súa operación, directa ou indirecta, pola concesionaria do servizo público de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, de conformidade co especificado na cláusula V da Addenda nº4 ao Convenio para a construción das ditas infraestruturas hidráulicas; borrador de acta ao que se achegan seis anexos.

As infraestruturas que comprende a acta de inicio de explotación descríbense —Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR), o novo emisario submarino e a ampliación da acometida eléctrica existente— describíense no Anexo I que se achega ao borrador da acta.

No anexo II inclúense as actas de recepción de las obras da EDAR de Lagares, do emisario submarino e da ampliación da acometida eléctrica e no mesmo Anexo especificase a situación das medidas pendentes descritas nas actas de recepción das dúas últimas obras e a documentación que acredita as que solventadas á data de redacción do borrador da acta.

O Anexo III contén, en primeiro lugar, o informe de superación das probas de funcionamento da EDAR de Lagares emitido por entidade independente, que deu inicio á fase de posta en marcha, cuxa acta tamén se achega. Achégase igualmente o certificado de superación da fase de posta en marcha emitido pola dirección facultativa das obras e que conta co informe

da entidade independente acordada entre as partes, de acordo coa cláusula V da Addenda nº 4 ao dito convenio.

O Anexo IV recolle os expedientes de todas as autorizacións administrativas tramitadas e obtidas, necesarias para a posta en servizo da infraestrutura hidráulica e o Anexo V inclúe o Plan de Explotación presentado pola concesionaria do servizo, suxeito a validación por Acuaes e ás correccións que esta poda dispoñer.

O borrador de acta de inicio de explotación prevé a incorporación á mesma, como Anexo VI, por parte do Concello de Vigo de certificado do compromiso municipal da adscrición de medios para a explotación da infraestrutura, con la descripción do modelo previsto para esta; certificado de compromiso municipal que ten de consistir na certificación do acordo de adscrición das infraestruturas ao servizo de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, prestado en réxime de concesión de servizo público por FCC Aqualia Vigo U.T.E., e a adopción das modificacións técnico económicas do contrato derivadas da posta en servizo da mesma; actuacións municipais que son as que constitúen obxecto do presente expediente.

Décimo sexto.- Con esta data o enxeñeiro xefe de Infraestruturas e Urbanización da Xerencia de Urbanismo emite, en relación coa recepción da utilización das repetidas infraestruturas de saneamento e os anexos que se achegan ao borrador da acta de inicio de explotación, o informe que segue:

«Antecedentes.-

En virtud del Convenio suscrito por la Xunta de Galicia (Organismo Autonomo Aguas de Galicia), el Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente (Aguas de las Cuencas de España ACUAES) y el Concello de Vigo en fecha 2 de Agosto de 2010, como usuario de la Actuación Hidráulica "Saneamiento de Vigo", y a tenor del contenido de la Adenda nº 4 a dicho Convenio, este último asume las tareas de operador de las instalaciones de la Instalación Hidráulica.

La Actuación Hidráulica "Saneamiento de Vigo" se compone de tres proyectos a saber, Ampliación y Modernización de la EDAR Lagares, Emisario Submarino, y Acometida Eléctrica y Subestación de la EDAR Lagares.

En desarrollo del Convenio, su Clausula IX establece la constitución y funciones del Comité de Dirección de Obra (CDO).

Situación Actual.-

Ante el inicio de la explotación de la Instalación Hidráulica "Saneamiento de Vigo", cabe señalar que las obras descritas en el Anexo I de la correspondiente Acta de Inicio son las ejecutadas tal y como se describen en el mismo.

Los tres proyectos antes citados disponen del Acta de Inspección Conjunta de la Obra suscrita por el representante de ACUAES en calidad de Director Facultativo, el Contratista, y los miembros del CDO en representación de Aguas de Galicia y el Concello de Vigo.



Concello de Vigo

En fecha 8 de Mayo de 2018 la de la Ampliación y Modernización de la EDAR Lagares, el 5 de Julio de 2017 la del Emisario Submarino, y por último el 22 de Marzo de 2018 la de la Acometida Eléctrica y Subestación de la EDAR Lagares.

En el Anexo II del Acta de Inicio, constan emitidas las correspondientes Acta de Recepción de las Obras de los tres proyectos suscritas por los representantes de ACUAES (entre ellos el Director Facultativo de las obras) y por el Delegado del Contratista.

En fecha 10 de Mayo de 2018 la de la Ampliación y Modernización de la EDAR Lagares, el 11 de Julio de 2017 la del Emisario Submarino, y, por último, en fecha 22 de Marzo de 2018 la de la Acometida Eléctrica y Subestación de la EDAR Lagares.

Del mismo modo, y con fecha 10 de Mayo de 2018, figura el Acta de Finalización de la Fase III Puesta en Marcha de la EDAR suscrita por los representantes de ACUAES (entre ellos el Director Facultativo de las obras), y por el Delegado del Contratista.

Este último documento recoge específicamente lo relativo a las campañas analíticas pendientes, y la forma en que sus conclusiones serán tratadas.

Asimismo figuran como Anexo a esta última Acta los equipos que a esa fecha se encuentran en reparación, y a los que también se hacen mención en el Acta de Inspección Conjunta de la Obra de Ampliación y Modernización de la EDAR Lagares.

En el Anexo IV se incluyen los expedientes de las autorizaciones administrativas tramitadas por ACUAES para la puesta en servicio de la Instalación Hidráulica, entre las que consta la Autorización Definitiva de Vertido.

Señalar que está pendiente la Autorización de Utilización de las Aguas Regeneradas.

Conclusiones.-

De acuerdo con el contenido de la documentación antes citada, el técnico que suscribe en calidad de representante del Concello de Vigo en el Comité de Dirección de Obra, considera que el conjunto de las obras que conforman la Instalación Hidráulica "Saneamiento de Vigo" se encuentran en disposición de ser operadas con el fin de tratar las aguas residuales, sin que las salvedades que se contienen en la documentación citada con anterioridad impidan el normal desarrollo de las tareas de saneamiento.

Dichas salvedades serán gestionadas y resueltas de conformidad con lo expresado en el literal de los citados documentos».

Décimo séptimo.- Figura incorporada ao expediente a seguinte documentación:

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- Ámbito e alcance da concesión do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo.

O contrato para a xestión integral do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, adxudicado á Unión Temporal de Empresas, actualmente denominada "FCC Aqualia Vigo UTE" é unha concesión administrativa outorgada ao abeiro do artigo 114.2.a) do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais (cláusula 1a.1 PCEA), que comprende tanto a construción de obras e instalacións hidráulicas como a subseguinte xestión do servizo a que estiveran afectas. A normativa aplicable, de conformidade coas disposicións transitorias das sucesivas leis de contratos é o Decreto 923/1965, de 8 de abril, polo que se aproba a Lei de Contratos do Estado.

Segundo se recolle nos antecedentes, a cláusula 1a. do PCEA define o obxecto da concesión como a xestión integral do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Vigo e a achega dos investimentos para a construción das instalacións que resulten necesarias, que de xeito orientativo se reflicten no Plan de Investimentos achegado ao prego como Anexo I, cuxa xestión, unha vez executadas será asumida pola concesionaria nas condicións definidas no mesmo prego e na oferta da adxudicataria. Os parágrafos 2 e 3 da mesma cláusula precisan que ademais das obras e instalacións municipais que, en virtude do contrato, se entregarían á concesionaria para a prestación do servizo, tamén entrarán a formar parte do obxecto da concesión as obras e instalacións que execute ou reciba o Concello de Vigo para a súa adscrición ao servizo durante o período concesional (Cláusula 24.a3).

Así as cousas, das devanditas cláusulas resulta que **formarán parte do obxecto do contrato de concesión** do servizo de augas de Vigo tanto as infraestructuras iniciais e as obras efectuadas pola concesionaria no ámbito do Plan de Investimentos como as obras e instalacións que **execute ou reciba o Concello de Vigo para a súa adscrición ao servizo durante o período concesional**, coas limitacións que resultan do artigo 129.3 RSCL; artigo conforme ao cal a retribución do concesionario deberá ser calculada de xeito que permita, mediante unha boa e ordeada administración, amortizar durante o prazo da concesión o custo das obras executadas, cubrir os gastos de explotación e unha marxe normal de beneficio industrial.

Respecto ao período concesional cómpre recordar que, segundo se recolle nos antecedentes, a Xunta de Goberno Local, con data 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas por un período de 5 anos, contados a partir do día seguinte ao do vencemento do contrato. En consecuencia, a adscrición da nova infraestructura hidráulica se realiza para o período concesional vixente que finaliza o 31 de decembro de 2020; *"Extinguida a concesión reverterán gratuitamente ao Concello a totalidade dos bens e infraestructuras que a Administración adscriba inicialmente ou que se incorporen durante a vixencia"* (Cláusula 117ª "reversión" do PCEA).



Concello de Vigo

Segundo.- Procedemento para a adscrición da nova infraestrutura á concesión: novo estudo económico financeiro do servizo de depuración de augas residuais.

Segundo se expón no apartado anterior, a incorporación de novas infraestruturas á concesión atópase prevista no contrato de concesión polo que a adscrición das infraestruturas hidráulicas do proxecto Saneamento de Vigo ao servizo constitúe unha actuación de execución do contrato que require, de acordo co PCEA do contrato de concesión asinar «*unha acta de recepción similar e na mesma forma que a subscripta antes do comezo da concesión*» (cláusula 19ª 2 PCEA) e «*adoptar as modificacións técnico-económicas necesarias para a súa entrada en servizo*» (cláusula 1ª do PCEA).

Canto as modificacións técnico económicas derivadas da adscrición ao servizo de novas infraestruturas, a cláusula 93ª PCEA dispón que «*Nos casos a que se refire a condición anterior —adscrición ao Servizo de nova infraestrutura— o Concesionario estará obrigado a redactar un novo estudo económico-financeiro do Servizo, no que se mostre, de forma xustificada e con desagregación o mais detallada posible, as distintas partidas de custes que integran o novo custe unitario do metro cúbico de auga factura aos usuarios do mesmo*».

E a cláusula 94ª seguinte establece que «*Elaborado o citado estudo e aprobado o mesmo polo Concello, os coeficientes de ponderación da fórmula de revisión a que se refire o punto 2 da condición 89ª deste Prego, adecuaranse á nova estrutura de custes que resulte tras a revisión*».

No presente caso, co fin de proceder a adscribir á concesión as novas infraestruturas hidráulicas e de delimitar o novo custo unitario do servizo de saneamento, nos termos establecidos no PCEA, iniciouse o presente expediente de adscrición e solicitouse da concesionaria a elaboración dun novo estudo económico financeiro do servizo de depuración de augas obxecto da concesión, no que se mostrase de forma xustificada e co desglose o mais detallado posible as distintas partidas de custos que integran o novo custo unitario de metro cúbico de auga facturado aos usuarios do mesmo.

No estudo de custes da explotación da nova infraestrutura, presentado pola concesionaria, distínguense uns custes fixos —persoal, mantemento e reposicións— e uns custes variables en función da demanda —reactivos, enerxía eléctrica—. Ademais engadese dentro destes custes o importe da tarifa a aboar a ACUAES pola operación da infraestrutura hidráulica.

No informe do xefe da Área de Investimentos e dos enxeñeiros municipais de camiños canais e portos arriba referido estímase o incremento do custe do servizo no que á depuración de augas se refire na cantidade aproximada de 1.005.463,64 euros, resultado de restar aos custes anuais da operación da nova depuradora —7.153.339,75 euros— os correspondentes a operación da antiga: 6.147.876,11 euros; cifra que deberá incorporarse ao modeo económico do equilibrio da concesión.

Terceiro.- Do Plan de Explotación das novas infraestruturas hidráulicas.

De acordo co sinalado na addenda número 4 ao convenio de 2 de agosto de 2010 para a construción das infraestruturas hidráulicas da actuación “Saneamento de Vigo”, finalizada a execución da totalidade das obras obxecto do Convenio e superadas as probas de posta en

marcha, procederáse a recepción das mesmas por Acuaes e a súa cesión onerosa ao Concello de Vigo para a xestión das mesmas; porén, con carácter previo á firma da acta de inicio de explotación, o Concello deberá acreditar que dispón dos medios necesarios para acometer a explotación da infraestrutura obxecto do convenio.

Na memoria xustificativa para a aprobación do Plan de Explotación da EDAR Lagares, arriba referida se informa favorablemente o dito documento, sinalando que o Plan de Explotación se axusta aos requisitos establecidos por Acuaes.

Doutra parte, Acuaes, tal e como vai dito nos antecedentes, inclúe como anexo V ao borrador de acta de inicio da explotación o Plan de Explotación presentado pola concesionaria do servizo, suxeito a súa validación e ás correccións que esta poda dispoñer, polo que procede considerar que, sen prexuízo das correccións que Acuaes poda dispoñer no dito Plan de Explotación, esta ten por acreditado que o Concello de Vigo, a través da concesionaria do servizo, dispón dos medios necesarios para acometer de forma adecuada a explotación da infraestrutura hidráulica obxecto do Convenio.

Cuarto.- Recepción da posesión da infraestrutura e adscrición da mesma a adxudicataria para a súa explotación.

Os feitos e fundamentos expostos acreditan a procedencia da recepción polo Concello de Vigo do uso e utilización das infraestruturas hidráulicas que nos ocupan para a súa operación pola concesioaria do servizo, así como o cumprimento dos requisitos establecidos nos pregos que rixen a concesión para a adscrición a FCC Aqualia Vigo U.T.E. das novas infraestruturas para a súa incorporación ao servizo de xestión integral da auga durante o período concesional que resta ao contrato.

Quinto.- Consecuencias económico financieras da adscrición da infraestrutura hidráulica “Saneamento de Vigo” no ámbito da prórroga da concesión.

A adscrición da nova infraestrutura hidráulica “Saneamento de Vigo” prodúcese dentro do prazo da prórroga da actual concesión, o que determina a necesidade de analizar o escenario económico da prórroga a efectos de realizar os axustes necesarios no mesmo.

Este análise se realiza no informe do xefe da Área de Investimentos e dos enxeñeiros de camiños, canais e portos municipais, arriba referido, que, á vista do informe elaborado pola consultora externa Serye Ingenieros, S.L. conclúe que o incremento anual dos gastos de operación da nova EDAR de Lagares é de 1.005.463,64 euros; incremento que se verá amplamente compensado para o prazo que resta de concesión coa diminución producida nos gastos de adquisición dos terreos para a nova EDAR e os gastos non soportados para a xestión da antiga depuradora durante o prazo de posta en marcha da nova, que haberán de incorporarse ao modelo económico do equilibrio da concesión.

Esta estimación de incremento de gasto coincide coa presentada pola concesionaria.

Isto, sen prexuízo de que, tal e como se di no devandito informe, en cumprimento do disposto no acordo da Xunta de Goberno Local, de data 21 de novembro de 2011, de prórroga do contrato de concesión, se proceda neste momento, no que se dispoñen de datos certos para a actualización: (i) ao axuste das cifras correspondentes aos



Concello de Vigo

investimentos comprometidos pola concesionaria, que figuran no seu texto, que serán obxecto de aumento ou diminución en función das desviacións de demanda que se aprecien efectivamente sobre as consideradas; (ii) á realización dos axustes no modelo de recuperación de investimentos postos de manifesto no informe da consultora externa Price Water House Coopers, de data de 27 de outubro de 2011; e (iii) se requira da concesionaria a achega da información financeira que permita actualizar a retribución da concesión.

Sexto.- É competente para adoptar o acordo que se propón a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (disposición adicional segunda 4 LCSP).

Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Prestar aprobación ao Plan de Explotación da EDAR Lagares, de conformidade cos requisitos establecidos por Aguas de las Cuencas de España, S.A. e sen prexuízo das correccións que esta poda dispoñer no seu procedemento de validación do mesmo.

Segundo.- Aceptar a cesión do uso e operación da EDAR de Lagares por parte de Aguas de las Cuencas de España, S.A. para a súa adscripción ao servizo público de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, prestado en réxime de concesión de servizo público por parte de FCC Aqualia Vigo U.T.E.

Terceiro.- Aprobar a sinatura pola Alcaldía da acta de Inicio da Explotación da Infraestrutura Hidráulica “Saneamento de Vigo” conforme ao borrador e anexos que figuran incorporados ao expediente.

Cuarto.- Aprobar a adscripción da Infraestrutura Hidráulica “Saneamento de Vigo” ao servizo público de abastecemento de auga e saneamento de Vigo, prestado en réxime de concesión de servizo público por parte de FCC Aqualia Vigo U.T.E, para a súa operación por esta; adscripción da que se deberá levantar a correspondente acta de recepción de conformidade co disposto na cláusula 19ª 2 PCEA reitor do contrato de concesión do servizo.

Quinto.- Aprobar as conclusións sobre a repercusión económica da adscripción das infraestruturas hidráulicas ao servizo público de abastecemento e saneamento de augas de Vigo, que figuran no informe de 10 de maio de 2018, do xefe de área de Investimentos e dos enxeñeiros municipais de camiños, canais e portos, transcrito ut supra, que literalmente di:

«A vista do contido do presente informe pódese concluír que a proposta de adscripción das instalacións da nova “Ampliación da EDAR LAGARES”, non terá un efecto negativo no desenvolvemento do modelo de recuperación financeira establecido no ámbito da actual prorroga do contrato, xa que de forma obxectiva deberán aplicarse no mesmo as revisións económicas desenvoltas neste informe e que se poden resumir nos seguintes criterios:

1.- Aspectos que determinarán un incremento de custes no modelo financeiro do contrato no período de prorroga:

O Incremento de custes a vincular na determinación da tarifa de retribución do Concesionario derivados da adscrición das instalacións da “Ampliación da EDAR do Lagares” e de acordo cos datos económicos desenvolto neste informe, indican de maneira xeral que existe unha diferenza teórica de 960.791,95 €, en base os datos do custe estimado da antiga EDAR para ano 2017 de 6.147.876,11 €, e o custe anual estimado para unha anualidade das novas instalacións da EDAR para o ano 2018 de 7.108.668,06 € (incluíndo o pago da tarifa anual a favor de ACUAES por un importe de 132.570,00 €), polo cal, a desviación global nos dous anos e medio pendentes ata a finalización do período contractual da prorroga, tería unha incidencia estimada de 2,40 millóns de euros (diferencia entre os custes estimados para resto da concesión $-7.108*2.5= 17,77$ millóns de euros, minorados cos custes da antiga depuradora $-6,147* 2,5 =15,37$ millóns de euros-).

2.- Aspectos que determinarán minoracións de custes no modelo financeiro do contrato no período de prorroga:

a.- Minoración de 855.000,00 €, en relación as obrigas contempladas no acordo de prorroga para o abono dos custes de expropiacións dos terreos para a construción das novas infraestruturas.

b.- Axuste dos custes de explotación non executados nos períodos de execución da ampliación da EDAR LAGARES, así como no período de posta en funcionamento (maio 2017/maio 2018). En relación a este apartado debese ter en conta que a estimación dos custes de explotación da antiga EDAR para un período anual referente a temporalidade 2017, e superior os 6 millóns de euros, de acordo cos seguintes datos:

Adscrición servizo	Importe €	Data	Importe €/m3
Adscricións da EDAR LAGARES	2.025.333,00 €	01/08/1998	0,0611
Adscrición “xestión de Lodos da EDAR Lagares”,	436.334,00 €	01/09/2000	0,0135
Adscrición “ampliación EDAR Lagares”	538.507,00 €	01/07/2002	0,0153

Dito importe foi actualizado nos acordos de revisión, e en base o último aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 14 de abril de 2008, no que establece como retribución da concesionaria a cantidade de 0.9941 €/m3 de auga facturada, con efectos do 1 de xaneiro de 2007, corresponde aos gastos directamente relacionados coa EDAR LAGARES, un custe unitario de “0,1259 €/m3 de auga”.



Concello de Vigo

En relación a estes datos e facendo unha extrapolación prudente da incidencia dos factores de actúan na formula de revisión do “custe unitario”; pódese concluír os seguintes valores como referencias do custe global da antiga “EDAR LAGARES”:

–Ano 2007: $0,1259 \text{ €/m}^3 \times 40.621.468 \text{ m}^3 \text{ de auga} = 5.114.242,82 \text{ €}$.

–Ano 2017: (+-) $0,1481 \text{ €/m}^3 \times 41.511.655 \text{ m}^3 \text{ de auga} = 6.147.876,11 \text{ €}$.

Polo cal cunha estimación prudente de minoración destes custes no entorno dun 80%, estaríamos ante unha minoración teórica de aproximadamente 4,8 millóns de euros, que actuarán como un factor corrector importante no modelo de recuperación financeiro derivada da minoración teórica da tarifa de retribución.

Estas estimacións económicas, indican un diferencial importante entre os incrementos e as minoracións económicas derivados desta adscrición ao servizo a favor do equilibrio do modelo económico financeiro da concesión e no seu caso como factor minorador do posible déficit da tarifa da concesión. En base a este datos a adscrición proposta no contempla ningún indicador económico que poda desestabilizar negativamente o modelo de recuperación financeira establecido para o actual período de prorroga. E todo isto salvagardando as obrigas inherente ao propio acordo da prorroga que obriga a unha revisión nas condicións establecidas no mesmo acordo sobre o modelo de recuperación financeira determinado para o prazo de prorroga (2015/2020), e que de forma certa poderán ser determinadas a partir do acto de adscrición das novas infraestruturas.

Polo exposto, a proposta de adscrición deberá indicar tanto os criterios económicos recollidos neste informe que quedan identificados como valores de minoración dos custes no modelo financeiro, e así mesmo a determinación dos custes das novas instalacións de acordo coa propia aceptación por parte da actual Concesionaria.

Custes fixos:

COSTES FIXOS		Coeficientes	
Persoal	1.605.333,46 €	“a” =	0,457
Mantemento e conservación	630.000,00 €	“c” =	0,338
Reposicións	234.892,49 €		
Analíticas	67.267,15 €		
Outros custes fixos	252.660,00 €	“b” =	0,095
Electricidade (TP)	334.701,33 €		
TOTAL COSTES FIXOS EXECUCIÓN MATERIAL	3.124.854,43		
Importe correspondente co factor gastos xerais	187.491,27 €	“d” =	0,060
Importe correspondente co factor do termo independente	156.242,72 €	“e” =	0,050
TOTAL CUSTES FIXOS CON GASTOS XERAI	3.468.588,42 €		

Tarifa a aboar a ACUAES	132.570,00 €
TOTAL CUSTES FIXOS ANUAIS	3.601.158,42 €

Custe variable:

COSTES VARIABLES		Coeficientes	
Electricidade (TE)	1.187.655,33	"b" =	0,335
Reactivos	1.353.806,56	"c" =	0,555
Residuos	618.456,71		
TOTAL CUSTES VARIABLES EXECUCIÓN MATERIAL	3.159.918,60 €		
Importe correspondente co factor gastos xerais	189.595,12 €	"d" =	0,060
Importe correspondente co factor do termo independente	157.995,93 €	"e" =	0,050
TOTAL CUSTES VARIABLES CON GASTOS XERAIS	3.507.509,65 €		

Este importe será calculado en función dos m3 reais tratados anualmente nas instalacións da EDAR LAGARES de acordo coa seguinte fórmula, da cal se determinará o importe total euros/ano correspondente a parte variable do contrato. Fórmula para a determinación do importe total ano da parte variable:

$$Y = -0,0185259481 * x^2 + 447,2147082586 * x + 947333,394896657$$

Onde:

"x" e o valor real do volume medio tratado nun período anual en m3/h anuais

"Y" e o importe en Euros/ano para a determinación da retribución da parte variable en concepto de execución material.

Así mesmo, considerase obrigado que neste propio acordo de adscrición, se proceda a incoar o inicio do expediente conducente a revisión do modelo de recuperación financeira, tanto no ámbito das obrigas derivadas do acordo que establece o actual período de prórroga, como de todos aqueles aspectos obrigatorios para o proceso de liquidación do actual contrato de acordo a previsión da súa finalización para finais do ano 2020».

Sexto.- En execución do acordo desta Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, de prórroga do contrato de concesión, procédase ao inicio de expediente cos seguintes obxectos: (i) o axuste das cifras correspondentes aos investimentos comprometidos pola concesionaria, que figuran no seu texto, que serán obxecto de aumento ou diminución en función das desviacións de demanda que se aprecien efectivamente sobre as consideradas; (ii) realización dos axustes no modelo de recuperación de investimentos postos de manifesto no informe da consultora externa Price Water House Coopers, de data de 27 de outubro de 2011; e (iii) actualización da retribución da concesión a cuxo efecto se requerirá da concesionaria a achega da información financeira necesaria.



Concello de Vigo

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(504).- DAR CONTA DO INFORME AO PROXECTO DE PLAN REITOR DE USO E XESTIÓN DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS EN GALICIA. EXPTE. 16086/101.

Dáse conta da resolución do concelleiro delegado de Xestión Municipal, de data 10/05/18, pola que se aproba o seguinte informe-proposta:

Con data 27.03.2018, tivo entrada no Rexistro xeral do Concello de Vigo, a notificación asinada pola Dirección xeral de Patrimonio Natural da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, mediante a que se comunica a apertura do trámite de audiencia no procedemento de elaboración do proxecto de Decreto polo que se aproba o *Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia (PRUX)* e se confire un prazo de 45 días naturais dende a recepción da dita notificación, para a remisión das observacións que se estimen oportunas. Xunta, aos devanditos efectos, co proxecto de decreto, unha copia do PRUX que carece de sinatura.

Coa mesma data, remítese a devandita documentación á Xerencia Municipal de Urbanismo e á Alcaldía para a elaboración dos preceptivos informes ao respecto. Emítense os ditos informes con datas 08.05.2018 e 06.05.2018, respectivamente.

Con data 09.05.2018, a Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo, remite á Alcaldía unha observación adicional ás contidas no informe de data 08.05.2018, asinada pola Concelleira-delegada da Área de Urbanismo.

Xa que logo, recibidos os informes por parte dos servizos municipais, asinados polos técnicos competentes, e dado que, nalgúns puntos realízanse observacións ou consideración coincidentes, procédese, segundo orde de servizo do Concelleiro de Xestión Municipal de data de sinatura dixital que se incorpora ao expediente, á redacción dun informe proposta integrado, no que se recollen todas as observacións realizadas polos servizos municipais, aos efectos de presentar as oportunas alegacións no trámite de audiencia:

1/ ANTECEDENTES DE CARÁCTER XERAL.

O Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia foi declarado pola Lei 15/2002, de 1 de xullo, integrado polo espazo mariño e terrestre dos arquipélagos de Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada, pertencendo o territorio do arquipélago das Illas Cíes ao termo municipal de Vigo.

As Illas Atlánticas de Galicia dispoñen dun Plan de Ordenación de Recursos Naturais (PORN, no sucesivo) aprobado por Decreto 274/1999, do 21 de outubro (DOG 209, 28/10/1999) e o da Illa de Cortegada por Decreto 88/2002 (DOG 62, 01/04/2002).

O PORN recolle no seu articulado a necesidade de que o Plan Reitor de Uso e Xestión, estableza as medidas de regulación específicas das diferentes actividades, concrete as medidas de conservación dos compoñentes clave da biodiversidade e precise os criterios de zonificación, así como da propia xestión e uso do territorio.

A propia Lei de creación do Parque Nacional 15/2002, de 1 de xullo, establece no seu artigo 9 que o instrumento para a planificación da xestión do Parque Nacional é o plan reitor de uso público e xestión e que terá carácter plurianual, adecuándose o seu contido ao establecido na Lei 4/1989.

Pola súa parte a Disposición adicional segunda da dita Lei 152002, de 1 de xullo, establecía que no prazo dun ano dende a aprobación da Lei “elaborárase o plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional”.

No Plan de Ordenación do Litoral (POL) aprobado por Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, as Illas Cíes inclúense en Zona de Protección Costeira, e se consideran un Espazo de interese Paisaxístico, incluíndose tamén na proposta de Senda do Faros, catalogándose e localizándose os faros de Cabo Bicos, Cíes, Punta Canabal, Monte Agudo e Illote Boeiro.

Na páxina web da Consellería de Medio ambiente e ordenación do territorio, relativa a avaliación ambiental estratéxica de plans, constan un documento de inicio de data 11/04/2008 e un documento de referencia de data 12/05/2008, emitidos na tramitación do Plan reitor de uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

2/ CONSIDERACIÓNS DE CARÁCTER URBANÍSTICO.

De conformidade co establecido no artigo 20.2 da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de Parques Nacionais (LPN, no sucesivo), as administracións competentes en materia urbanística informarán preceptivamente os PRUXs antes da súa aprobación ou revisión. Xa que logo, aínda que non foi solicitado expresamente o informe referido ás cuestións urbanísticas competencia da Administración municipal, procede, en primeiro lugar, abordar os elementos desta natureza e sen prexuízo do informe a emitir no caso de ser solicitado expresamente.

Neste senso, e no que afecta ao ámbito das competencias do municipio de Vigo, o vixente PXOU-1993 clasifica o territorio das illas Cíes como solo non urbanizable de especial protección a partir, segundo explica, do seu carácter de espazo natural protexido e atendendo a criterios de preservación dos seus valores naturais, paisaxísticos e socio-culturais. Non entanto, dado que o PXOU-1993 é un instrumento de planeamento xeral non adaptado á Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG, no sucesivo) nin á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA, no sucesivo), resultará de aplicación o réxime previsto na disposición transitoria primeira, apartado 2, letra d), da LSG, a cuxo tenor: *ao solo non urbanizable ou solo rústico, se lle aplicará o disposto na presente lei para o solo rústico*. Non obstante, o propio PXOU-1993 realiza unha remisión nesta materia ao *Plan Reitor do Uso e Xestión do Parque Natural das Illas Cíes*, tendo en conta o seu carácter máis específico.



Concello de Vigo

Pola súa parte, o PXOM de 2008, declarado xudicialmente nulo por sentenza do Tribunal Supremo do 10.11.2015, se ben por cuestións alleas, no que agora interesa, á clasificación do solo do espazo aquí analizado, incluía no territorio abranguido polas illas Cíes, as seguintes clasificacións de solo: rústico de especial protección de espazos naturais, solo rústico de especial protección de costas e solo rústico de especial protección arqueolóxica, producíndose unha superposición de proteccións en diferentes zonas dese territorio.

Hoxe, de acordo co disposto no artigo 45.1 do Decreto 143/2016, do 10 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia (RLSG, no sucesivo), na súa relación cos artigos 34.2.letas d), f) e h) da LSG: o solo que non reúna as condicións de urbano nin de núcleo rural e nin que non estea sometido a un réxime de protección sectorial dos expresados no artigo 49 do RLSG, será clasificado como solo rústico de especial protección de costas (solos comprendidos dentro da servidume de protección do dominio público marítimo-terrestre establecida pola lexislación sectorial estatal en materia de costas e os delimitados como áreas de protección costeira no Plan de Ordenación do Litoral), espazos naturais (terreos sometidos a algún réxime de protección por aplicación da lexislación de conservación da natureza ou da lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna) e patrimonial (protexidos pola lexislación e demais normativa de patrimonio cultural). Nestes solos, as facultades previstas para os seus propietarios no artigo 46.1 do RLSG entenderanse co alcance que sexa compatible co réxime de protección ao que a lexislación sectorial que resulte de aplicación suxeite os terreos e coas condicións e limitacións que a devandita lexislación estableza.

Ademais, de acordo co artigo 20.4 da LPN, os plans reitores prevalecerán sobre o planeamento urbanístico e cando as súas determinacións sexan incompatibles coa normativa urbanística en vigor, esta se revisará de oficio polos órganos competentes (no mesmo senso se expresa o punto 1.0 do apartado 2 *Directrices*, do bloque 3 *Urbanismo e ordenación territorial das Medidas de xestión sectorial do PRUX*). Non obstante, no tocante á clasificación do solo, o planeamento municipal deberá respectar tamén de forma imperativa o disposto na LSG e no seu regulamento de desenvolvemento.

Así pois, o PRUX, dentro das *Medidas de xestión sectorial expresa*: *“A clasificación do solo dentro Parque Nacional adaptarse, a excepción do especificado no presente plan, ao establecido pola normativa estatal e autonómica vixente en relación ao solo de núcleo rural histórico tradicional, baixo o que rexerá a actividade construtiva e se regulará o seu desenvolvemento, co fin de asegurar a protección e conservación da paisaxe e dos componentes clave do Parque Nacional”*. Sen embargo, atendidos os elementos regrados que deben imperar na clasificación que se asigne a determinados solos, a clasificación do solo máis acorde, no suposto que nos ocupa, sería a xa prevista no PXOM de 2008 (declarado xudicialmente nulo), á que cabería engadir a compoñente paisaxística como valor a protexer. A este respecto, cómpre salientar que no mapa de zonificación do PRUX non se reflicten asentamentos tradicionais no arquipiélagos de Cíes.

Polo demais, o PRUX remite ao cumprimento das determinacións urbanísticas contidas na lexislación do solo e no planeamento urbanístico, se ben, o PXOU-1993 non inclúe parámetros de aplicación ao réxime de obras nin unha normativa concreta que regule o réxime de usos no ámbito das illas Cíes, dado que, basicamente, ordena por remisión ao

PRUX. Sen embargo, compróbase que, pola súa parte, o PRUX de referencia, renuncia a dotar a este ámbito territorial dunhas determinacións urbanísticas propias que regulen o réxime de obras e usos propias da escala de detalle dese instrumento.

Afondando nesta cuestión, debe engadirse que a regulación de usos e actividades do PRUX contén na súa Normativa xeral do apartado destinado ás Infraestruturas e obras, que considéranse actividades prohibidas en todo o Parque Nacional a construción de novas edificación destinadas a vivendas ou establecementos (bares, restaurantes, aloxamentos turísticos, camping).

Igualmente ponse énfase en que fomentárase a rehabilitación de edificios fronte á construción doutros novos debendo garantirse a integración paisaxística das edificacións e o mantemento do estilo tradicional.

Polo súa parte, o artigo 5.p) engade que son usos prohibidos en todo o Parque Nacional as novas obras, instalacións ou actividades coincidentes coas relacionadas na lexislación vixente de avaliación de impacto ambiental, debéndose salientar que o uso de “campamentos permanentes para tendas de campaña ou caravanas con capacidades mínima de 500 huéspedes” (o PRUX calcula unha capacidade de entre 500 e 600 ocupantes en temporada alta no camping das Illas Cíes) é unha actividade sometida a avaliación de impacto ambiental simplificada segundo o punto i) grupo 9 do ANEXO 2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, polo que sería un uso prohibido, agás que o punto 5.0 da *Normativa xeral*, cando fai a excepción da zona de uso xeral, estéase referindo á zona de uso especial (PNIA 5).

No tocante á normativa zonal, o PRUX establece cinco tipos de zonas: PNIA1 de reserva, PNIA 2 de uso restrinxido, PNIA 3 de uso moderado, PNIA 4 de uso especial e PNIA 5 de asentamentos tradicionais, non existindo nas Illas Cíes a zona PNIA 5 de asentamentos tradicionais.

A zona PNIA 4 de uso especial das Illas Cíes, segundo a definición da Memoria do Plan, abrangue o terreo no que se desenvolven as infraestruturas de comunicación no interior da illa, os peiraos de Rodas e Carracido, os faros de Monteagudo, Cíes e da Porta, a zona de acampada, así como as edificacións de xestión do Parque Nacional e ou ras instalacións de servizos públicos.

É unicamente nas zona PNIA 2, PNIA 3 e PNIA 4 nas que a Normativa específica do PRUX autoriza, dentro da categoría de *Ordenación do territorio e urbanismo*, obras de mantemento e rehabilitación sen incremento de volume de antigos edificios de carácter tradicional, sen , ao parecer, establecer tolerancia ningunha para calquera intervención doutro tipo sobre as edificacións existentes .

Non obstante, durante o proceso de análise da documentación remitida, non se localizou información cartográfica xeorreferenciada da zonificación (na que se representen o conxunto e cada un dos elementos que vaian a integrarse no plan, a súa delimitación, dimensión e mención ou denominación) a unha escala que permita unha valoración da proposta.



Concello de Vigo

Tampouco consta no expediente que a información cartográfica se atope dispoñible na web da Xunta de Galicia.

É por elo, que se descoñece se no expediente de tramitación do PXUR figura unha cartografía cun grao de detalle, cando menos, equivalente ao esixido no ano 2008 pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible nas especificacións técnicas do documento de referencia emitido no procedemento de avaliación ambiental estratéxica deste PRUX ou mesmo na esixida pola instrución técnica sobre información xeográfica da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, para a elaboración da información cartográfica que forma parte dos plans no procedemento de avaliación ambiental estratéxica e que se aplica aos plans e programas en xeral (debe dispor dun grao de detalle tal que posibilite avaliar o cumprimento dos criterios de sostibilidade establecidos).

Polo anterior, lémbrese que, en relación aos datos xeográficos, deberán empregarse o sistema de proxección UTM (Universal Transversal Mercator) e o sistema de referencia xeodésico ETRS89 (European Terrestrial Reference System 1989).

No que respecta ao ámbito das competencias urbanísticas atribuídas a esta administración local, o PRUX deberá incluír, cando menos, no apartado adicado ás Medidas de xestión sectoriais, punto 3, Urbanismo e ordenación territorial, bloque 3, Normativa xeral, unha mención específica ao planeamento urbanístico municipal. Así mesmo, deberá constar expresamente o sometemento das obras e usos á previa obtención de licenza municipal ou título administrativo habilitante que corresponda (incluíndo os supostos de comunicación previa a declaración responsable).

Finalmente, sinalar que sorprende que o Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque non contén disposición algunha a fin de completar a necesaria titularidade pública integral das Illas Cíes, imprescindible para garantir a súa conservación, a preservación dos seus valores naturais e ambientais, o uso adecuado aos valores que se protexen e a súa xestión, mediante a imprescindible expropiación de fincas, edificacións e dereitos privados aínda existentes nas mesmas, para dar cumprimento á declaración de utilidade pública e interese social contida xa no artigo 5 da Lei 15/2002, do 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

Sería, por iso, imprescindible que o devandito Plan Reitor establecese a programación e pertinente consignación orzamentaria para a expropiación dos bens e dereitos existentes e garantir así a necesaria adscrición ao dominio público da integridade territorial das Illas Cíes.

3/ CONSIDERACIÓNS DE CARÁCTER AMBIENTAL

3.1. Na sección de xeoloxía descríbese moi brevemente a orixe xeolóxica das illas e a litoloxía dominante de cada arquipélago. Non se describen os valores do patrimonio xeolóxico, que haberían de ser recollidos e contemplados co ánimo de determinar medidas de xestión que aseguren a súa conservación. Tampouco se fai referencia algunha en todo o documento aos Lugares de Interese Xeolóxico (figura da Lei 42/2007) a pesares de que no

Parque Nacional hai un total de 22 lugares inventariados (12 en Cíes, 4 en Ons, 4 en Sálvora e 2 en Cortegada, segundo o inventario do IGME).

3.2. A sección de hidroloxía describe brevemente a formación das augas continentais do arquipélago. A crítica situación da auga doce nas illas atribúese exclusivamente ás baixas precipitacións que acontecen no arquipélago e ás condicións do substrato. Con todo, as plantacións de especies alóctonas principalmente de eucalipto, teñen un efecto significativo sobre as reservas de auga que non se contempla nesta sección e debería ser recollido para actuar con medidas específicas sobre esta cuestión.

3.3. A sección de ecosistemas mariños describe de forma superficial os tipos de fondos que se atopan nos arquipélagos, así como as zonas do intermareal. A pesares de que se pon de manifesto a importancia do medio mariño para o Parque Nacional (86% da superficie total), a información que se achega é moi limitada. Chama a atención que se mencione a corrente do Golfo e non se refira en ningún momento ao afloramento costeiro. Tampouco hai ningunha referencia á importancia do Parque como zona de interfase entre rexións bioxeográficas (rexión Atlántica, Mediterránea e Boreal), coa consecuente coexistencia de especies de ambas biorrexións. Isto considérase relevante xa que é un dos atributos que lle confiren a este Parque Nacional a súa singularidade.

3.4. Na sección de Flora e Vexetación, concretamente na sección de vexetación acuática, cítase a presenza de pradarias mariñas formadas por dúas especies (*Zostera mariña* e *Zostera nolti*) na lagoa. Respecto desta información cabe mencionar que estas especies desapareceron da lagoa xa no ano 2008, debido á construción do dique e á consecuente modificación da deriva litoral e á progresiva colmatación do lago.

3.5. Dentro dos vertebrados recóllense as especies máis destacables por estar protexidas por algunha figura de protección. Calcúlase un índice de diversidade que non considera en ningún momento a abundancia relativa das especies, polo que resulta incorrecto denominalo "índice de diversidade". Aínda que existen numerosas formas de calcular un índice de diversidade, o elemento común entre eles é que deben ter en conta dous aspectos: o número de especies presentes na comunidade e a equitatividade (abundancia relativa de cada unha das especies) e na medida que se propón no borrador de PRUX non se contemplan estes dous aspectos.

3.6. Dentro da ictiofauna, identifícanse dúas especies de cabaliños de mar que están protexidas. Con todo, unha delas identifícase de xeito incorrecto. As especies que se atopan nas augas do Parque son *Hippocampus hippocampus* e *H. guttulatus*, recolléndose no documento as especies *Hippocampus hippocampus* e *H. ramulosus*.

3.7. Ao respecto da herpetofauna non se mencionan as adaptacións das poboacións de *Salamandra salamandra* e a súa diferenciación xenética coas poboacións do continente. Este feito fai que estas especies sexan consideradas como unha Unidade Evolutiva que debería terse en conta de maneira particular nos plans de conservación, como así recomendan as publicacións realizadas respecto disto. É por iso imprescindible recoller a presenza e comportamento destas especies para asegurar a evolución e a conservación.

3.8. Finalmente, recoméndase incluír unha sección que recolla os principais procesos ecolóxicos e interaccións biolóxicas que teñen lugar nos arquipélagos e que condicionan as



Concello de Vigo

características das illas. Dentro destes procesos pódese destacar a interacción terra-mar mediada polas aves e os procesos ecolóxicos e bioxeoquímicos derivados desta interacción, que sustente as medidas de xestión que se propoñen. De igual forma, os procesos evolutivos que desenvolveron as poboacións de *Salamandra salamandra* non se contemplan na diagnose e, consecuentemente, tampouco nas medidas de xestión e zonación.

3.9. Na sección de diagnose ignóranse as especies invasoras tanto de flora coma de fauna. Este feito identifícase como unha carencia importante, polo que se deberían incluír estas consideracións para poder deseñar e desenvolver medidas de xestión que actúen sobre estes aspectos na versión final do PRUX.

3.10. Na sección da Memoria correspondente á descrición dos hábitats de interese, se inclúe unha lista dos 34 hábitats incluídos na Directiva Hábitats (DC 92/43/CEE) que se poden identificar no conxunto de illas, extraídos da Guía do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia. Destes hábitats, 8 deles son considerados prioritarios. Pero, a maiores dos 34 hábitats identificados, recoméndase o estudo dun novo hábitat que se atopa representado no conxunto deste Parque Nacional e debería por tanto ser recollido no documento de Borrador. Este hábitat é Vexetación anual pioneira con *Salicornia* e outras especies de zonas fungosas ou areosas.

3.11. Na sección da Memoria correspondente á descrición das especies de interese advírtese un erro no valor total de especies de interese para a conservación do Parque Nacional, recollido na táboa 13 da páxina 39. Na devandita táboa indícase un total de 530 especies, cando a suma ascende a 278.

3.12. O punto 8 da memoria do PRUX refírese á avaliación ambiental estratéxica deste plan en termos de futuro: “A Consellería competente en materia de Patrimonio Natural adoptará...”, “A avaliación ambiental a que fai referencia o artigo 6.3. da DC 92/43 /CEE incluírá...”, “O órgano ambiental competente, fixará en coherencia coa lexislación da Unión Europea (Directiva 2001/42/CE, do Parlamento Europeo (...)) o procedemento administrativo para desenvolver a devandita avaliación garantindo en todo momento o cumprimento dos criterios e obxectivos establecidos na Rede Natura 2000”, sen embargo o PRUX non explica en qué medida o procedemento de avaliación ambiental estratéxica foi integrado na súa redacción e aprobación, en tanto se trata dun plan que establece un marco para a futura autorización de proxectos que afectan a espazos da Rede natura 2000.

Neste senso, o certo é que tampouco se somete ao trámite conferido a documentación ambiental requirida pola Lei 21/2013, do 9 de decembro, de Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE), cuestión que non resulta explicada no PRUX, e elo, aínda cando consta que no ano 2008 a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible elaborou un documento de referencia no procedemento de avaliación ambiental estratéxica (figuran nel a metodoloxía, variables, criterios de sostibilidade, indicadores, estrutura e especificacións técnicas) que parece non ser tido en conta polo PRUX e sen que neste se xustifiquen nin expliquen as razóns polas que non procede o seu sometemento a AAE de acordo coa Lei 21/2013, de 9 de decembro.

4/ CONSIDERACIÓNS AO RESPECTO DO PATRIMONIO CULTURAL

A Memoria do PRUX, no apartado 3.2.9. de “Recursos culturais”, fai referencias xerais ao patrimonio arqueolóxico e ás mostras de arquitectura relixiosa, civil e etnográfica das illas, pero sen recoller nin a súa localización nin realizar referencia ningunha a catálogos xa

aprobados, como é o caso do Catálogo anexo ao PXOM de Vigo de 2008 que, de acordo co disposto no artigo 31.4. da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio cultural de Galicia (LPCG), segue sendo un instrumento de referencia para a protección do patrimonio cultural. Nese Catálogo e, polo tanto no Catálogo do patrimonio cultural de Galicia (art. 31.4 da na LPCG), figuran localizados nas Illas Cíes os seguintes elementos:

• **Elementos de arquitectura:**

- A-111 Faro de Punta Canabal
- A-110 Faro principal das Illas Cíes
- A-109 Faro do Peito

• **Elementos arqueolóxicos:**

- GA 36057082 X_082 Abrigo/ Eremitorio de San Martiño
- ACH-28 C_028 Materiais cerámicos na Illa de San Martiño
- GA36057081 X_081 Fábrica de Salgadura da Illa de San Martiño
- GA36057080 X_080 Castro das Hortas/ Castro de Monteagudo
- GA36057155 X_155 Refuxio da Hermitaña
- GA36057079 X_079 Mosteiro, necrópole e concheiro de Santo Esteban
- GA36057078 X_078 Concheiro das instalacións forestais
- ACH-29 C_029 Fragmentos cerámicos na Illa do Faro
- GA36057077 – B X_077 Casa e Viveiro de Langosta
- GA36057077 – A X_077 Casa e Viveiro de Langosta
- GA36057076 X_076 Fábrica de Salgadura de Muxieiro
- ACH-27 C_027 Praia de Figueiras
- ACH-26 C_026 Canto tallado bifacial da illa de Monteagudo
- ACH-25 C_025 Muiños de man naviculares na Illa de Montea
- GA36057151 X_151 Xacemento de Cantareiras

5/ CONSIDERACIÓNS AO RESPECTO DAS MEDIDAS DE XESTIÓN

De maneira xeral, as medidas de xestión desagréganse por normativa de compoñentes e actividades e normativa zonal. A continuación preséntanse comentarios a cada un destes grandes bloques de medidas de xestión:

IV. Normativa por componentes de biodiversidade.

1. As medidas que se propoñen nesta sección baséanse fundamentalmente na información recollidas nas seccións de especies e hábitats de interese para a conservación, por estar incluídas nalgunha das seguintes normativas: Directiva Hábitats, Directiva Aves, Real Decreto de especies Silvestres en Réxime de protección Especial ou Catálogo Galego de Especies ameazadas. Con todo, mentres que na sección de memoria descritiva inclúese tamén a mención especial de especies consideradas polo Convenio de Berna de 1979, estas non se consideraron na sección de especies e hábitats de interese para a conservación. Recoméndase xustificar por que non se inclúen as especies recollidas no Convenio de Berna na lista de especies de interese para a conservación.
2. De forma coherente co alegado en apartados previos sobre diagnose e zonificación, propónse incluír medidas de xestión que consideren non só a presenza da especie *Salamandra salamandra* senón tamén os procesos ecolóxicos asociados. Esta especie atópase en declive no conxunto do Parque e de forma particular nas Illas Cíes. Ademais, a poboación desta especie é considerada como unha unidade evolutiva significativa que debería ter unha especial consideración nas propostas de



Concello de Vigo

Conservación. Esta característica, xunto có reducido do seu tamaño, pon en evidencia a necesidade de adoptar medidas de conservación de maneira inmediata para evitar a súa desaparición, feito que non se considera no actual borrador do PRUX. De xeito concreto, o val de Conceta é a área central onde aínda se pode atopar esta especie, polo que é necesario adoptar medidas específicas que aseguren a supervivencia desta especie e promovan a expansión ao resto de illas onde antes se podía atopar.

3. En relación aos hábitats mariños chama a atención que se considere que a retirada de algas non supón unha actuación que afecte ao estado de conservación destes hábitats. Non se especifica que especie nin baixo que medidas de control executaríanse estas accións, que si demostraron exercer un impacto sobre os hábitats mariños se non se desenvolven a través dun Plan de xestión acoutado e definido. É preciso xustificar esta afirmación para que sexa así aprobada a non necesidade de actuar sobre este aspecto ambiental.

V. Normativa de actividades: medidas de xestión sectoriais.

1. Mentres que as medidas de xestión descritas para as actividades de Usos Agropecuarios e Forestais ou Usos Públicos e Actividades Deportivas (entre outros), presentan un nivel de detalle moi completo, que permite desenvolver un Plan que regula o uso sustentable destas actividades, a sección referente aos Usos Marisqueiros e Pesqueiros, non presenta ningunha información sobre as medidas de xestión que se plantexa introducir. Recoméndase incluír nesta sección o nivel de detalle que se achega nas outras seccións.

Este diferente nivel de detalle co que se abordan as medidas de xestión dos diferentes sectores, confire ao presente borrador do PRUX unha elevada carga de asimetría que impide verificar que as accións propostas aseguran de forma efectiva a conservación dos valores naturais do Parque.

2. Finalmente, no que respecta ao ámbito das competencias urbanísticas atribuídas a esta Administración local, o PRUX deberá incluír, cando menos no apartado adicado ás Medidas de xestión sectoriais, punto 3 Urbanismo e ordenación territorial, bloque 3 Normativa xeral, unha mención específica ao planeamento urbanístico municipal.

Así mesmo, debora constar expresamente o sometemento das obras e usos á previa obtención de licenza municipal ou título administrativo habilitante que corresponda (incluíndo os supostos de comunicación previa e declaración responsable).

6/ CONSIDERACIÓNS AO RESPETO DOS PROGRAMAS DE ACTUACIÓNS

Realízanse comentarios ao respecto dalgunha das liñas recollidas neste Programa de Actuacións:

- **Programa de conservación da biodiversidade e paisaxe:**
No se recolle ningún programa específico sobre as poboacións de salamandra, que están en perigo de extinción, así catalogadas por Velo-Antón et al., 2007.

- **Programa de investigación, seguimiento e avaliación**
Considérase necesario elaborar e executar un Programa específico de monitoreo do ecosistema mariño.

Ademais, débese facer mención especial ao desenvolvemento das actividades turísticas, non só en canto ao grao de satisfacción dos visitantes, senón ao impacto das actividades de lecer que se desenvolven e que permitan avaliar de forma crítica e continua a bondade das medidas de xestión que se propoñen. Este Plan haberá de ser capaz de asegurar a coexistencia sostible entre o estado ecolóxico dos recursos e o impacto turístico.

- **Programa de conservación del patrimonio cultural**
Bótase en falta que non se contemplan programas de divulgación e sensibilización acerca dos recursos patrimoniais do Parque. Estas accións sempre se centran nos recursos naturais e ambientais e considérase que a primeira premisa para asegurar a conservación, pasa porque a poboación dispoña de coñecementos suficientes que lle permitan tomar conciencia.

Doutro lado, na parte normativa do PRUX manifestase que: *“Promoverase a elaboración de estudos e catálogos de arquitectura tradicional”* e no punto 4 de *Programas de Conservación do Patrimonio Cultural* se prevén a catalogación, o desenvolvemento dun plan de recuperación do patrimonio etnográfico e cultural, un plan de actuación e unha base de datos espacial.

Non obstante, na cartografía do PRUX non se localizan nin sequera os elementos xa catalogados nin as súas áreas de protección, así como tampouco se explica cómo se integran nas zonas establecidas de cara á normativa zonal reguladora dos usos e actividades.

- **Programa de mellora da sostibilidade e da calidade de vida**
Debería elaborarse un estudo integral do ciclo da auga no Parque que permita determinar a dispoñibilidade de recursos hídricos e levar a cabo unha xestión adaptativa do recurso. É importante coñecer a evolución desta dispoñibilidade, así como a efectividade das medidas de aforro e mellora da xestión da auga propostas. Aspecto este moi importante dado o estado crítico deste recurso nas illas.

Respecto da creación de grupos de traballo para a promoción do desenvolvemento económico, é preciso que ademais das administracións (como así se indica no borrador do PRUX) sexan considerados outros axentes e grupos de interese, desde as diferentes dimensións sociais e económicas. Só así se poderá deseñar un programa de desenvolvemento económico que satisfaga todos os intereses, responda as necesidades e oportunidades do territorio e asegure a sostibilidade.

- **Plan de Desenvolvemento Sostible**
Recoméndase incluír as accións previstas no denominado Programa de Mellora de Calidade de Vida, dentro do Plan de Desenvolvemento Sostible.
Bótase en falta realizar unha diagnose de oportunidades para o desenvolvemento de novas actividades económicas e/ou para a diversificación das xa existentes nos municipios, que permita despois perfilar unha folla de ruta que contribúa de maneira



Concello de Vigo

eficaz ao desenvolvemento sostible e que sexa o punto de partida para a posta en marcha das accións que se propoñen. O devandito Plan habería de levarse a cabo de maneira participativa con todos os grupos de interese.

7/ CONCLUSIÓNS

1. Dende o punto de vista urbanístico lémbrese a preceptividade do informe referido no artigo 20.2 da Lei 30/2014, do 3 de decembro, de Parques Nacionais, así como a obriga do planeamento urbanístico de respectar non só ao PRUX senón que tamén ás disposicións legais vixentes en materia de clasificación de solo.
2. Dende a perspectiva do réxime de obras e usos permitidos, compatibles e prohibidos, o PRUX deberá realizar unha referencia expresa aos instrumentos de planeamento urbanístico e á obrigada obtención dos títulos administrativos habilitantes, en especial, á licenza urbanística municipal e ás comunicacións previas e declaracións responsables sobre as que ostenta competencias á Administración municipal. Polo demais, bótase en falta unha cartografía elaborada con suficiente nivel de detalle para permitir a máis eficiente valoración do instrumento e, singularmente, de cara as funcións de intervención da administración local a respecto do réxime de usos e obras e da futura adaptación do planeamento urbanístico xeral ao mesmo.
3. Sería, por iso, imprescindible que o devandito Plan Reitor establecese a programación e pertinente consignación orzamentaria para a expropiación dos bens e dereitos existentes e garantir así a necesaria adscrición ao dominio público da integridade territorial das Illas Cíes.
4. Haberán de expresarse e xustificarse as razóns polas que non se somete o Documento de PRUX a AAE. Dado o contido e obxectivos definidos no PRUX, e malia tratarse dun instrumento de carácter ambiental, elo non o exime de expresar as razóns, cando menos e de ser o caso, do seu non. Nada a este respecto se expresa no PRUX.
5. A identificación, localización e tratamento das cuestións que atinxen ao patrimonio cultural requirirían dunha maior concreción, así como da consideración do Catálogo do PXOM 2008, arriba referido, tamén como instrumento de referencia.
6. Incorporar os valores do patrimonio xeolóxico do Parque Nacional na diagnose, cón ánimo de determinar medidas de xestión que aseguren a súa conservación.
7. Solicítase incluír ás especies invasoras na diagnose para poder deseñar e desenvolver medidas de xestión que actúen sobre estes aspectos, na versión final do PRUX.
8. Proponse elaborar un estudo integral do ciclo da auga no Parque, que permita determinar a dispoñibilidade de recursos hídricos e levar a cabo unha xestión adaptativa do recurso. O estudo debe incluír o efecto das plantacións de especies alóctonas, principalmente de eucalipto, de xeito que se contemplan as medidas específicas que sobre este asunto se definan.
9. Debe incorporarse ao PRUX a relevancia do Parque como zona interfase entre rexións bioxeográficas xa que é un dos atributos que lle confiren ao parque Nacional a súa singularidade.
10. Considérase necesario que as medidas de xestión propostas para o sector Usos Marisqueiros e Pesqueiros, que non se cuestionan, conte cun nivel de detalle similar ao que figura no documento para outras seccións e así poder verificar que as accións propostas aseguran, de forma efectiva, a conservación dos valores naturais do Parque.

11. Recoméndase incluír as accións previstas no denominado Programa de Mellora de Calidade de Vida dentro do Plan de Desenvolvemento Sostible. Este Plan, que debe elaborarse de forma participativa, haberá de contemplar a realización dunha análise de diagnose de oportunidades para o desenvolvemento de novas actividades económicas e/ou para a diversificación das xa existentes nos municipios.

8/ COMPETENCIA

A competencia para resolver corresponde á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal segundo Decretos de 19.06.2015 e 30.12.2016 e acordos da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015 e 30.12.2016.

9/ PROPOSTA DE ACORDO

No uso das competencias que se lle confiren á Concellería-delegada da Área de Xestión Municipal, elévase ao órgano competente a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: Aprobar as alegacións do Concello de Vigo ao proxecto de Plan Reitor de Uso e Xestión do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, que se conteñen na parte expositiva do presente informe-proposta, dentro do prazo establecido ao efecto para o trámite de audiencia no procedemento de elaboración do proxecto de Decreto polo que se aproba o dito Plan Reitor.

SEGUNDO: Dar conta á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento e efectos.

TERCEIRO: Notificar, dentro do prazo establecido ao efecto, as ditas alegacións á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, Dirección Xeral de Patrimonio Natural.

CUARTO: Publicar as ditas alegacións na sede electrónica do Concello de Vigo, nos termos establecidos no artigo 6 da Lei 19/2013, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

14(505).- BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS DO PROGRAMA VERÁN XOVE 2018. EXPTE. 8605/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 20/04/18 e o informe de fiscalización do 3/05/18, dáse conta do informe-proposta de data 5/04/18, que di o seguinte:



Concello de Vigo

Seguindo instrucións da Concelleira Delegada de Xuventude iniciouse o expediente para a adxudicación de prazas de campamentos nos meses de vacacións de verán, dirixido a nenos/as da cidade de Vigo nados entre os anos 2001 e 2014, cuxa finalidade é a conciliación da vida laboral e familiar a través de alternativas de ocio e tempo libre, da promoción de valores, actitudes e comportamentos que favorezan o desenvolvemento integral do/a menor, mediante a realización de diferentes obradoiros e actividades .

Logo da entrada en vigor da Lei 27/2013 LRSAL que modifica o artigo 25 da Lei 7/1985 LR-BRL, o Concello na xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias pode promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, e en canto ao exercizo das competencias municipais propias que exercerán as administracións locais nas distintas materias, cita textualmente as seguintes:

- Artigo 25.2.l) Promoción da ocupación do tempo libre.
- Artigo 25.2.m) Promoción da cultura e equipamentos culturais.
- Igualmente segundo o recollido no artigo 80.2.n da Lei 5/1997 de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), os municipios teñen competencia propia en materia de promoción da cultura e equipamentos culturais e ocupación do tempo libre.

O procedemento para a selección e adxudicación dun máximo de 2.476 prazas en réxime de concorrencia competitiva, das cales: (1.826 prazas serán asignadas segundo os contratos referidos ao expte. Administrativo 8560-336; 200 prazas xestionadas pola empresa adxudicataria dos Servizos de Dinamización Infantil expte. administrativo 4156-336 e outras 450 prazas con cargo ao expte. Administrativo 8577-336. O importe total destinado a financiar as 2476 prazas ascende a 235.566,02 € aprox. con cargo ás partidas orzamentarias 33702279912 e 33702279900.

O promedio da subvención será do 65,51 % para 2476 prazas de campamentos, sendo de carácter gratuíto as 650 prazas correspondentes ás actividades de campamento Urbano e Verán na Casa da Xuventude e Coia. Achégase ao presente expediente cadro de estimación económica, tendo en conta os prezos/praza de campamentos ofertados o ano anterior.

Por todo iso, e diante da necesidade de ter seleccionado con antelación suficiente os/as beneficiarios/as de cada unha das prazas de campamentos do programa Verán Xove 2018, cómpre desenvolver a Convocatoria para a adxudicación de 2476 prazas para a participación no mesmo, dirixida a nenos e nenas empadronados en Vigo e nados entre os anos 2001 e 2014 , cuxa convocatoria e bases son obxecto do presente expediente.

Con carácter previo ao outorgamento da concesión das 2476 prazas para participar, deberán aprobarse as bases reguladoras para a adxudicación destas e para a participación no programa Verán Xove 2018 dirixida a nenos e nenas empadronados en Vigo e nados entre os anos 2001 e 2014, nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xullo, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria. En todo caso, a concesión destas prazas efectuarase baixo os principios de publicidade e concorrencia e mediante sorteo entre todas as solicitudes, que cumpran os requisitos recollidos nas bases .

Así mesmo, atendendo ao establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da

Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberán aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ao expediente.

Considerando tales preceptos legais, adxúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2018; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Á vista do anteriormente expresado, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: “Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria para a adxudicación de prazas para a participación programa Verán Xove 2018 de acordo co texto que se achega no expediente.

SEGUNDO: Aprobar o texto da Convocatoria para a adxudicación de prazas para a programa Verán Xove 2018 e o extracto da mesma, que se achegan como anexos e que remitiranse á Base de Datos Nacional de Subvenciones, en base ao establecido na Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións”.

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime convinte.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS PARA DESENVOLVEMENTO DA CONVOCATORIA PARA A ADXUDICACIÓN DE PRAZAS NO PROGRAMA VERÁN XOVE 2018.-



Concello de Vigo

I. OBXECTO.-

Constitúe obxecto desta convocatoria o fomento da participación infantil-xuvenil, dirixido a nenos/as da cidade de Vigo nados entre os anos 2001 e 2014, cuxa finalidade é a conciliación da vida laboral e familiar a través de alternativas de ocio e tempo libre, da promoción de valores, actitudes e comportamentos que favorezan o desenvolvemento integral do/a menor, mediante a realización de diferentes obradoiros e actividades nos meses de vacacións de verán.

O procedemento para a selección e adxudicación dun máximo de 2.476 prazas en réxime de concorrencia competitiva, das cales: (1.826 prazas serán asignadas segundo os contratos referidos ao expte. Administrativo 8560-336; 200 prazas xestionadas pola empresa adxudicataria dos Servizos de Dinamización Infantil expte. administrativo 4156-336 e outras 450 prazas con cargo ao expte. Administrativo 8577-336. O importe total destinado a financiar as 2476 prazas ascende a 235.566,02 € aprox. con cargo ás partidas orzamentarias 33702279912 e 33702279900.

II. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.-

Dentro dos obxectivos específicos do programa Verán Xove 2018 figuran entre outros os seguintes:

- Desenvolver habilidades sociais dos nenos e nenas para relacionarse adecuadamente.
- Fomentar a autoestima dos nenos e nenas participantes.
- Fomentar a comunicación e a iniciativa, capacitando aos nenos e nenas para a toma de decisións.
- Fomentar a igualdade de xénero nas actividades que realicen os/as menores.
- Fomentar o respecto pola contorna máis inmediatea e pola cidade onde viven e o medio ambiente.
- Fomentar a afección por actividades ao aire libre, o exercicio físico, o contacto coa vida san e o traballo en equipo.

III. TEMÁTICAS , QUENDAS , PRAZAS E PREZOS DE ACTIVIDADES.-

- VERÁN NAÚTICO Bouzas.- (3 quendas de 10 días / 50 participantes c u e 1 de 9 días/ 50 participantes)= 4 quendas= 200 participantes.
ANO NACEMENTO: 2001-2010.
DATAS.- de luns a venres,(02-13/07); (16-27/07 agás o 25); (30/07 -10/08) ; (20/08-31/08).
ACTIVIDADES.- Vela, káiak, windsurf, padelsurf, deportes de arrastre, xogos, animación etc.
PREZO/PRAZA: 45 €.
- VERÁN NAÚTICO Etea.- (3 quendas de 10 días / 80 participantes c u e 1 de 9 días/ 80 participantes)= 4 quendas= 320 participantes.
ANO NACEMENTO: 2001-2010.
DATAS.- de luns a venres,(02-13/07); (16-27/07 agás o 25); (30/07 -10/08) ; (20/08-31/08).

ACTIVIDADES.- Vela, káiak, windsurf, padelsurf, deportes de arrastre, xogos, animación etc.

PREZO/PRAZA: 45 €.

- VERÁN MARIÑEIRO Bouzas.- (3 quendas de 10 días c u)/ 50 participantes e 1 de 9 días/ 50 participantes)= 4 quendas =200 participantes.
ANO NACEMENTO: 2006-2012
DATAS: DATAS.- de luns a venres,(02-13/07); (16-27/07 agás o 25); (30/07 -10/08) ; (20/08-31/08).
ACTIVIDADES.-Actividades de navegación en piraguas e en embarcacións tradicionais, coñecemento do patrimonio cultural marítimo, coñecemento da beiramar e os recursos que ofrece, xogos na praia, actividades de animación e dinamización.
PREZO/PRAZA: 45 €.
- VERÁN NA PRAIA.- (6 quendas de 10 días c u) /50 participantes e 2 de 9 días/50 participantes= 8 quendas = 400 participantes.
ANO NACEMENTO:2006-2014
DATAS: de luns a venres,(02-13/07); (16-27/07 agás o 25); (30/07 -10/08) ; (20/08-31/08).
ACTIVIDADES.- Actividades e xogos ao aire libre e na praia, baño controlado, obradoiros , actividades de animación, etc.
PREZO/PRAZA: 45 €.
- VERÁN CON TEMÁTICAS ECOLÓXICAS/MEDIO AMBIENTAIS: (3 quendas/ 10 días/50 participantes) Total = 150 participantes
DATAS:de luns a venres (02-13/07); (16-27/07 agás o 25); (30/07 -10/08)
ANO NACEMENTO:2006-2014
ACTIVIDADES.- Obradoiros e xogos relacionados coa natureza, o respecto polo medio ambiente e a importancia de Reducir, Reutilizar e Reciclar os residuos domésticos, o horto urbano (obradoiros de sementes e plantas autóctonas),actividades de animación, consumo responsable,etc.
PREZO/PRAZA: 40 €.
- VERÁN CON TEMÁTICAS ARTÍSTICAS: (3 quendas/ 10 días e 1 de 9 días/50 participantes. Total 150 participantes)
DATAS: (02-13/07); (16-27/07 agás o 25); (30/07 -10/08) .
ANO NACEMENTO:2006-2014
ACTIVIDADES:Obradoiros e outras actividades relacionadas coas artes plásticas, a expresión corporal, oral, musical, teatral.
PREZO/PRAZA: 40 €.
- VERÁN CON TEMÁTICAS PRE- MULTIDEPORTIVAS(3 quendas 10 días e 1 de 9 días/50 participantes. Total 150 participantes).
DATAS: (02-13/07); (16-27/07 agás o 25); (30/07 -10/08) .
ANO NACEMENTO:2006-2014
ACTIVIDADES:relacionadas cos deportes tradicionais,xogos en grupo predeportivos, obradoiros construcións materiais de xogos,animacións etc.
PREZO/PRAZA: 40 €.



Concello de Vigo

- VERÁN NA CASA DA XUVENTUDE:(2 quendas de 50 participantes c u). Total =2 quendas = 100 participantes.
ANO NACEMENTO:2006-2014
DATAS:(02-13/07); (16-27/07, agás o 25).
ACTIVIDADES.-Obradoiros,xogos predeportivos, xogos de auga, festas temáticas, saídas, excursións
PREZO/PRAZA: gratuíto
- VERÁN EN COIA: (2 quendas de 50 participantes c u). Total =2 quendas = 100 participantes.
ANO NACEMENTO:2006-2014
DATAS:(02-13/07); (16-27/07, agás o 25).
ACTIVIDADES.-Obradoiros,xogos predeportivos,xogos de pistas, xincanas, festas temáticas, saídas á praia.
PREZO/PRAZA: gratuíto
- VERÁN EN INGLÉS.- (2 quendas de 9 días de 50 participantes cu. Total= 2 quendas=100 participantes.
ANO NACEMENTO:2002-2010
DATAS.- de luns a venres (30/07 -10/08) ; (20/08-31/08).= 2 quendas
ACTIVIDADES.- Relacionadas coa música,os xogos, animacións, bailes, teatro, manualidades, deportes, etc en lingua inglesa.
PREZO/PRAZA: 45 €.
- CAMPAMENTO CON PERNOCTA EN VIGOZOO.- (3 quendas de 5 días /52 participantes c u). Total= 156 participantes.
ANO NACEMENTO:2006-2010
DATAS:(25-29/06); (02-06/07);(9-13/07)
ACTIVIDADES.- Coñecemento e observación dos animais, rastrexo do oso, safari fotográfico, roteiro nocturno,roteiro ao Vixiador, xogos con balón, xogos de auga, a biodiversidade , veladas e festa despedida.
PREZO/PRAZA: 110 €.
- CAMPAMENTO URBANO.- (1 quenda de 10 días/450 participantes.
DATAS: (30/07-10/08).
ANO NACEMENTO:2004-2010
ACTIVIDADES.-Obradoiros,xogos,xincanas,deportes,música,teatro,saídas e excursións.
PREZO/PRAZA: gratuíto

IV. SERVIZOS OFERTADOS.-

Os/as participantes nalgunha das quendas ofertadas no programa VERÁN XOVE 2018, disporán dos seguintes servizos:

a).- Programa de actividades de educación non formal no tempo libre de carácter: cultural, artístico, náutico, predeportivo, ecolóxico- ambiental, en lingua inglesa, etc, segundo a elección dos pais, nais e/ ou titores/as e adaptado ás idades dos nenos e nenas e os seus intereses.

b).- Un equipo técnico de persoal con formación en Ocio e tempo libre e

especializado en cada unha das temáticas específicas do programa. Así mesmo e para o caso de menores con necesidades educativas especiais, contarase co persoal de apoio necesario.

c).- Material para a realización das actividades.

d).-Unha neveira e microondas a disposición dos/as participantes que precisen enfriar/quentar a comida.

e).- Servizo de conciliación de 7:45h a 15:15 h.

f).- Seguro de accidentes.

g).-Aloxamento en albergue con liteiras, manutención en réxime de pensión completa, e programación específica para o Campamento con pernocta.

V. SUBVENCIÓN.- O promedio da subvención será do 65,04 % para 2.476 prazas de campamentos. Serán de carácter gratuito as 650 prazas correspondentes ás actividades de campamento Urbano e Verán na Casa da Xuventude e Coia.

Os importes das subvencións en especie percibidas en función de cada tipo de campamento, as cales darán lugar ao cumprimento das obrigas fiscais que se deriven da normativa legal vixente, son os recollidos na seguinte táboa :

CAMPAMENTOS	CUSTE PRAZA CAMPAMENTO	SUBVENCIÓN EN ESPECIE (CUSTE MÁXIMO ASUMIDO POLO CONCELLO)	APORTACIÓN FAMILIA
VERÁN NAÚTICO I	100,04 €	55,04 € (55,01%)	45,00 €
VERÁN NAÚTICO II	113,41 €	68,41 € (60,32%)	45,00 €
VERÁN MARIÑEIRO	100,04 €	55,04 € (55,01%)	45,00 €
VERÁN NA PRAIA	95,84 €	55,84 € (58,26%)	40,00 €
VERÁN ECOLÓXICO/ MEDIOAMBIENTAL	95,80 €	55,80 € (58,24%)	40,00 €
VERÁN ARTÍSTICO	95,80 €	55,80 € (58,24%)	40,00 €
VERÁN PRE-MULTI-DEPORTIVO	95,80 €	55,80 € (58,24%)	40,00 €
VERÁN EN INGLÉS	95,83 €	50,83 € (53,04%)	45,00 €
VERÁN CON PERNOCTA EN VIGOZOO	269,00 €	159,00 € (59,10%)	110,00 €
CAMPAMENTO URBANO	33,33 €	33,33 € (100,00%)	0,00 €
VERÁN NA CASA DA XUVENTUDE E NO PAVILLÓN DE COIA	56,29 €	33,33 € (100,00%)	0,00 €
TOTAL		Media Subvención 65,04%	



Concello de Vigo

VI. REXISTRO DE SOLICITANTES, SOLICITUDE TELEMÁTICA DE PARTICIPANTES E PRIMEIRA ADXUDICACIÓN DE PRAZAS.-

a) Rexistro de solicitantes e solicitude telemática de participantes.

O número total de prazas ofertadas ascende a 2.476.

Prazo: dende a publicación do extracto da convocatoria no BOP e ata o 31 de maio.

Solicitantes: Serán solicitantes das actividades ofertadas nos Campamentos Urbanos do Concello de Vigo, o/a pai/nai/titor/titora. Cada solicitante pode incorporar na mesma solicitude un/unha ou máis fillos/as ou titorados/as.

Rexistro de solicitantes. As prazas para a participación no programa serán outorgadas en réxime de concorrencia competitiva.

Para poder realizar as solicitudes de prazas nos Campamentos urbanos do Concello de Vigo é preciso previamente darse de alta como solicitante, inscribir ás/ós menores e solicitar as actividades, na área privada da web

(<https://veran.xuventudevigo.org>).

Unha vez realizada a alta, asignarase o **número de solicitude** que permitirá identificar á persoa solicitante e que será empregado no momento do sorteo. Este número aparecerá na pantalla do terminal ao finalizar o proceso de rexistro, na súa área privada e, tamén , seralle remitido ao correo electrónico (no caso de telo aportado).

Só poderá haber un/unha pai/nai/titor/titora solicitante por rapaz/rapaza, sendo excluídos todos/as do proceso, no caso de que haxa máis dunha solicitude para un mesmo rapaz ou rapaza. Cada solicitante só poderá inscribir aos seus fillos/fillas, titorados/as.

Darse de alta no rexistro de solicitantes implica a autorización para consultar a veracidade dos datos rexistrados así como a publicación dos datos da persoa solicitante e dos/as menores que inscriba, nos listados correspondentes.

Participantes: serán participantes nos Campamentos Urbanos do Concello de Vigo os rapaces e as rapazas de Vigo nados entre os anos 2001 e 2014.

Cada participante só poderá participar nun campamento, agás que na terceira adxudicación queden prazas dispoñibles.

Solicitude telemática. Na área privada da web, cada solicitante pode introducir os datos de un/unha ou máis participantes para os/as que se solicita praza, indicando as preferencias de actividades e quendas .

Estes datos poderanse modificar ata o momento no que se peche o proceso de “Rexistro de solicitantes e solicitude telemática”, sendo válida unicamente a última modificación efectuada.

Anularanse as solicitudes con datos incorrectos ou incompletos, así como aquelas que no momento da formalización da inscrición da praza non concorde co reflectido na solicitude.

Solicitude múltiple. Unha mesma persoa poderá solicitar praza para máis de un/unha fillo/a ou titorado/a, coas mesmas ou distintas preferencias, sendo cada solicitude tratada unha a continuación da outra no proceso de adxudicación.

As institucións que realicen acollemento residencial de menores en situación de tutela ou garda administrativa asimilaranse co caso de solicitude múltiple.

Actividades e quendas escollidas: un máximo de 3, por orde de preferencia.

Seguimento da solicitude. Poderase visualizar o estado da solicitude de cada participante na área privada da web <https://veran.xuventudevigo.org>.

Os estados posibles son: “solicitude realizada” (agardando adxudicación de praza), “pendente formalización” (unha vez adxudicada pero sen pechar o proceso de

formalización da praza); “praza formalizada” (unha vez adxudicada e formalizada a praza) ou “baixa” (por ter sido excluído, por renunciar, por non ter formalizado a praza ou por non ter atendido á corrección de erros).

De non ter posibilidade de acceder a internet ou de necesitar axuda, tanto para realizar o rexistro como a solicitude, a Concellería de Xuventude disporá de persoal de apoio e varios ordenadores a disposición dos/as interesados/as.

b) Primeira adxudicación de prazas.

Listado definitivo de solicitudes. Con antelación ao acto do sorteo publicarase no taboleiro da Casa da Xuventude o listado definitivo de solicitudes, indicando número de solicitude, nome e apelidos do/da solicitante, nome da persoa/as participante/es asociada/as e preferencias escollidas.

Deste listado quedarán excluídas as solicitudes con datos incorrectos ou incompletos, así como nas que se detecte que dúas persoas solicitantes inclúen ao mesmo rapaz ou rapaza en distintas solicitudes.

O soporte dixital deste listado definitivo será o empregado no proceso de adxudicación.

Método de adxudicación de prazas: por sorteo entre todos os números de solicitude admitidos.

Acto do sorteo: será presencial e terá lugar na Casa da Xuventude, anunciándose a data do mesmo na web, sendo a sesión pública ata encher o aforo da sala empregada. Neste sorteo determinarase unicamente o primeiro número de inicio do proceso.

Na sesión estará presente un/unha funcionario/a municipal que dará fe do resultado do mesmo.

Proceso de adxudicación: unha vez rematado o acto de sorteo, a Concellería de Xuventude iniciará a porta pechada a adxudicación de participantes a actividades e quendas.

A partir do número de solicitude resultante do sorteo, seguindo a orde do “Listado definitivo de solicitudes” ata o final do mesmo, e proseguindo dende o primeiro número do listado ata chegar ao número de solicitude previo ao sorteado, procederase do seguinte xeito para cada caso:

Primeira opción: comprobarase se hai praza e, de habela, adxudicaráselle; de non habela, pasarase á segunda opción.

Segunda opción: comprobarase se hai praza e, de habela, adxudicaráselle; de non habela, pasarase á terceira e última opción.

Terceira opción: comprobarase se hai praza e, de habela, adxudicaráselle; no caso de non habela, o/a participante queda sen praza neste primeiro proceso de adxudicación, optando automaticamente ás prazas dispoñibles na segunda adxudicación. No caso de solicitude múltiple aplicaráselle o procedemento descrito a cada unha das persoas participantes asociados á mesma.



Concello de Vigo

Ao concluír o proceso quedarán adxudicadas as prazas dos campamentos dando lugar ao **Primeiro listado de adxudicación de prazas por campamentos**.

Lista de agarda. As solicitudes non atendidas pasarán a formar parte dun listado de solicitudes pendentes de adxudicación ou lista de agarda.

O citado listado conterá os mesmos campos que o listado definitivo de solicitudes, e será o empregado para o proceso da segunda adxudicación de prazas.

Publicación. Publicaranse na web <https://veran.xuventudevigo.org> o Primeiro listado de adxudicación de prazas por campamentos, así como o Primeiro listado provisional de prazas vacantes por campamentos e a Lista de agarda.

Na área privada da web o estado da persoa participante será “pendente formalización” no caso de adxudicación e “solicitud realizada” no caso de quedar na lista de agarda.

A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación das presentes bases desta convocatoria.

VII. FORMALIZACIÓN DA INSCRIPCIÓN, ADXUDICACIÓN DEFINITIVA, CORRECCIÓN DE ERROS NA DOCUMENTACIÓN E EXCLUSIÓN DE SOLICITUDES.-

a) Formalización da inscrición na praza para solicitudes admitidas.

Anunciarase na web a data para a formalización da solicitude.

Modalidades:

- **Telematicamente:** cargando os arquivos a través da área privada da web. A poder ser, incorporar toda a documentación nun único arquivo.
- **Presencialmente:** na Casa da Xuventude (López Mora, 31), en horario de 9:30 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 de luns a venres.

Non se admitirá documentación por correo electrónico.

Documentación a presentar:

- Ficha de inscrición, asinada por pai, nai, titor ou titora legal. Estará dispoñible na área privada da web.
- Fotocopia do libro de familia, no caso de non ter D.N.I. o/a menor.
- Xustificante de pagamento.
- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a previstas no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no art. 13 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e de estar a corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

b) Adxudicación definitiva e corrección de erros na documentación

Se no proceso de comprobación se detecta a ausencia dalgún documento ou algún outro erro, requiriráselle ao solicitante para que repare os erros advertidos de

acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e artigo 20.5 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) para que no prazo de 10 días (contados a partir da recepción da notificación vía correo ordinario ou correo electrónico), emende a falta ou achegue os documentos requiridos, e se lle informará de que, no caso de non o facer, entenderase que desistiu da súa petición e archivarase o expediente nos termos previstos na citada lei. Unha vez entregada e comprobada toda a documentación, coa correspondente corrección de erros se fose o caso, a praza quedará asignada definitivamente.

Na área privada da web o estado da persoa participante pasará a ser “praza formalizada”.

c) Exclusión de solicitudes

Son motivos de exclusión automática do procedemento de adxudicación definitiva de prazas:

Renunciar á praza adxudicada a través da área privada da web.

Non ter realizado o correspondente pagamento, se a actividade así o require.

Este pagamento non terá devolución no caso de renuncia posterior, agás causa grave debidamente acreditada co correspondente xustificante médico (enfermidade, accidente....)

Non entregar toda a documentación requirida ou non corrixir os erros no prazo sinalado.

Falsear datos no formulario de rexistro.

Na área privada da web o estado da persoa participante pasará a ser “baixa”.

VIII. SEGUNDA ADXUDICACIÓN, FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN PARA PRAZAS VACANTES, ADXUDICACIÓN DEFINITIVA E EXCLUSIÓN DE SOLICITUDES.-

a) Segunda adxudicación de prazas.

Primeiro listado definitivo de vacantes por campamentos. A partir do Primeiro listado provisional de prazas vacantes por campamentos, e unha vez completado o proceso da primeira adxudicación, elaborárase o Primeiro listado definitivo de prazas vacantes por campamentos, incluíndo as prazas procedentes da exclusión de solicitudes. Publicarase o mesmo na web (<https://veran.xuventudevigo.org>.

Método de adxudicación de prazas: adxudicación directa entre as persoas participantes recollidas na lista de agarda seguindo o mesmo método da primeira adxudicación.

b) Formalización da inscrición de prazas vacantes, adxudicación definitiva e exclusión de solicitudes.

Prazo: anunciarase na web.

Lugar e documentación a presentar: igual que para a primeira adxudicación.



Concello de Vigo

Adxudicación definitiva e corrección de erros na documentación: seguirase o mesmo procedemento que para a primeira adxudicación.

Se no proceso de comprobación se detecta a ausencia dalgún documento ou algún outro erro, requiriráselle ao solicitante.

Exclusión de solicitudes: seguirase o mesmo procedemento que para a primeira adxudicación.

IX. TERCEIRA ADXUDICACIÓN, FORMALIZACIÓN DA INSCRICIÓN PARA ÚLTIMAS PRAZAS VACANTES E ADXUDICACIÓN DEFINITIVA.-

a) Terceira adxudicación de prazas.

Segundo listado definitivo de vacantes por campamentos.-

Unha vez completado o proceso da segunda adxudicación, elaborárase o segundo listado definitivo de prazas vacantes por campamentos, incluíndo as prazas vacantes e as procedentes da exclusión de solicitudes na segunda adxudicación.

Publicarase na web: <https://veran.xuventudevigo.org>

Terceira adxudicación. Realizarase de forma presencial na Casa da Xuventude (López Mora, 31), horario de 9:30 a 14:00 e de 17:00 a 20:00. A data publicarase na web.

O procedemento consistirá na adxudicación directa ata cubrir as prazas dispoñibles. Se unha vez rematado o proceso, quedan prazas vacantes, poranse a disposición das persoas que demanden un segundo campamento. O número de prazas e a data de adxudicación anunciarase na web.

b) Formalización da inscrición en prazas vacantes, adxudicación definitiva e exclusión de solicitudes

Prazo: dous días a partir do momento de adxudicación.

Documentación a presentar na Casa da Xuventude: igual que para a primeira adxudicación .

Adxudicación definitiva: unha vez entregada correctamente a documentación considerarase a adxudicación como definitiva.

Exclusión de solicitudes: seguirase o mesmo procedemento que para a primeira adxudicación.

X. DEVOLUCIÓN DA COTA DE INSCRICIÓN.-

Se, unha vez obtida a praza e realizado o pagamento correspondente, a/o menor non pode asistir ao campamento, só terá dereito á devolución da cantidade aboada no caso de que se xustifique documental e polos seguintes motivos :

- Enfermidade, accidente ou outros (deberá achegarse xustificante médico).
- Motivos familiares, enfermidade ou accidente grave dun familiar, falecemento ou outros (deberá achegar xustificación do motivo).

No caso de non prestación do servizo por causas non imputadas á persoa interesada ou anulación da actividade pola administración a solicitude de devolución da cota presentarase unha vez comunicadas as causas de non prestación do servizo e no prazo de 20 días naturais dende a comunicación e poderá presentarse por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da LPACAP.

XI. INFORMACIÓN ADICIONAL.-

En cada campamento faranse diferentes grupos, tendo en conta sobre todo a idade e intereses, co obxecto de que as actividades sexan acordes a cada grupo.

A incorporación ao campamento e a saída diaria do mesmo será responsabilidade da nai ou pai ou persoa que exerza a titoría legal da ou do/a menor

Os horarios dos campamentos con aula matinal e servizo friameira son os seguintes:

- 7:45 a 9:00h. Chegada e atención a participantes na Aula matinal.
- 9:00 a 14:00h. Actividades campamento.
- 14:00 a 15:15h. Saída e servizo friameira

Existe a posibilidade de almorzar na Aula matinal levando o almorzo da casa. O primeiro día de campamento haberá que entregar ao monitorado a “Ficha para recollida de participantes en campamentos” (descargar na web <https://veran.xuventudevigo.org>, cuberta cos datos de nome apelidos, foto carnet, D.N.I e sinatura das persoas autorizadas para a recollida dos nenos e nenas.

No caso de non entregala debidamente cuberta con todos os datos das persoas autorizadas e a súa sinatura, entregaráselle á persoa que traia á/ao nena/o, unha ficha que deberá cubrir cos seus datos e asinar, sendo solamente esta persoa a quen se lle entregará a/o menor ese día ou os sucesivos se non aporta outra ficha de recollida debidamente cuberta e asinada.

O horario para o campamento con pernocta en Vigozoo será:

- 08:00-09:00 Erguerse e asearse
- 09:00-10:00 Almorzo
- 10:00-11:30 1ª actividade da mañá
- 11:30-12:00 Recreo-merenda
- 12:00-13:30 2ª actividade da mañá
- 13:30-16:00 Tempo libre / Xantar
- 16:00-17:30 1ª actividade da tarde
- 17:30-18:00 Merenda
- 18:00-19:30 2ª actividade da tarde
- 19:30-20:00 Tempo libre
- 20:00-21:00 Ducha
- 21:00-22:15 Tempo libre / Cea
- 22:15-23:30 Actividade da noite



Concello de Vigo

- 23:30-24:00 Deitarse

XII. OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES.-

As persoas participantes nos campamentos están obrigadas a:

- 1.- Incorporarse á actividade nos prazos e horarios establecidos.
- 2.- A non abandonar a actividade sen autorización da persoa responsable da actividade.
- 3.- A entregar a documentación requerida.

Para a recollida das/os menores á finalización diaria do campamento, sempre será requerida a comparecencia dalgunha das persoas que figuran na folla de autorización e datos complementarios como autorizadas para a recollida da/o menor a cal deberá entregarse debidamente cuberta o primeiro día do campamento.

- 4.- A respectar as normas establecidas polos equipos de monitores de cada campamento, así como as de réxime interno das instalacións onde se desenvolvan.
- 5.- A non transferir a praza asignada.

XIII. INTERPRETACIÓN DAS BASES.- Todas as cuestións que poidan derivarse da interpretación destas bases serán resoltas polo Servizo de Xuventude.

XIV. PUBLICIDADE.- As bases se publicarán no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e a convocatoria se remitirá a Base de Datos Nacional de Subvencións que remitirá un extracto da mesma ao BOP, de acordo co establecido no art. 20.8.a) da LXS e así mesmo as subvencións concedidas remitiranse á BDNS para a súa publicación.

Tamén se publicarán na Web do Concello as bases e a relación dos adxudicatarios das prazas identificados polo número de solicitude outorgado ao iniciar o proceso, para dar cumprimento á Lei 19/2013 de Transparencia, acceso, información e bo goberno.

XV. LEXISLACIÓN APLICABLE.-

- Lei 38/2003 , de 17 de novembro de subvencións.
- RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

- RDL 3/2001, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.
- Bases de execución do vixente orzamento municipal.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dezaseis horas e cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez